

## **vilalba**

Os pequenos da EEI expoñen os seus traballos sobre Picasso. **Pax. 5**

## **as pontes**

Rede Eléctrica Española desconecta definitivamente a central hidroeléctrica. **Pax. 9**

## **muras**

O Pleno logra ao cuarto intento aprobar o soldo do alcalde. **Pax. 14**

## **abadín**

Estreamos sección. Entrevistamos aos membros da oposición nos concellos. **Pax. 15**

## **deportes**

Análise da competición ligueira, que se retomou logo de dúas semanas de pausa. **Pax. 29**

# Vilalba protexe a auga contra as tormentas



## Os orzamentos da Xunta, en detalle

Analizamos as contas da Xunta previstas para 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. **Pax. 24-25**

## Quecen motores para a cita electoral

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas. **Pax. 26**

## Olimpiadas rurais



Friol acolle este evento pioneiro en Galicia, que será no mes de xuño. **Pax. 6**

## Alfonso Blanco Torrado



Entrevistamos ao fundador de Xermolos e dinamizador cultural. **Pax.13**

## Ponte de Outeiro



Reportaxe sobre os máis de vinte anos desta asociación veciñal. **Pax. 20**

## Aprobado o Plan Deputación por 21,7 millóns

O novo documento substitúe ao Plan Único para as axudas aos 67 concellos. **Pax. 27**

# REBAIXAS

non é o mesmo Rebaixas que **Rebaixas con calidade**

## Ti que escolles?

Período de rebaixas do 7 de Xaneiro ao 1 de Marzo

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilaiba  
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes  
981 451 504



## Finalizan os traballos na casa reitoral da parroquia de Santaballa



A deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira, participou nos actos que organizou a Asociación Cultural de Amigos da Liga Santaballese con motivo da recuperación da reitoral de Santaballa, unhas obras nas que a Deputación de Lugo investiu 13.600 euros.

Morandeira asistiu tamén á inauguración da exposición sobre a Historia de Galicia, financiada tamén pola Deputación de Lugo a través dunha achega de máis de 3.000 euros e aberta con motivo da restauración do inmoble.

A deputada destacou que a institución provincial apoia “todas as actividades que impulsan a cultura no rural”. Nese sentido defendeu a deputada que “hai que escoitar ao rural cando fai cultura. Hai que achegar a cultura ó rural.

E hai que colaborar co rural para que se podan desenvolver actividades coma esta porque os que falan de rural baleiro son os que non se achegan a coñecer as iniciativas que fan asociacións coma a Liga Santaballese”, expuxo.

Ademais, sinalou que a Deputación estará sempre “a carón dos concellos e da xente do rural, porque é o rural o que sempre lle devolve á sociedade moito máis do que pide”.

As obras que se realizaron na casa reitoral de Santaballa consistiron na renovación da carpintería exterior das fachadas principal e laterais. Concretamente, restauráronse as portas e ventás interiores e exteriores, que, co fin de seguir coa construción tradicional da igrexa desta parroquia, colocáronse en madeira.

## Rematan as obras do tanque de tormentas e ampliación da EDAR

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), visitou o Concello de Vilalba para efectuar a entrega das obras de mellora do saneamento e depuración executadas polo organismo de conca ao longo deste ano.

“Estas actuacións solucionan a problemática de verteduras recorrentes ao río Madalena e darase servizo a máis de 10.000 habitantes/equivalentes”, explicou José Antonio Quiroga, presidente da CHMS.

Na visita a Vilalba o presidente mantivo unha reunión coa alcaldesa do municipio, Marta Rouco, quen lle expuxo outros proxectos para valoración dos técnicos do Organismo de conca, que poderían materializarse ao longo de 2024.

**O PROXECTO.** O proxecto consistiu basicamente na execución dun gran tanque de tormentas para laminación e regulación dos caudais de entrada á EDAR en tempo de choiva, antes do pretratamento, e con capacidade de retención de 1000 metros cúbicos, situado dentro do propio recinto da depuradora.

Por outra banda, procedeuse á ampliación do pretratamento da EDAR mediante a instalación de dúas unidades compactas de desbaste, desareado e desengraxado, aloxados no interior dun edificio anexo ao tanque; cada unha destas con capacidade de 100 l/seg, para dar cumprimento ao previsto no Plan Hidrolóxico do Miño-Sil que esixe unha capacidade mínima de 20 l/seg por cada 1000 habitantes equivalentes. A depuradora neste momento fun-



ciona con normalidade e dentro do prazo de garantía de 12 meses.

Unha vez entregadas as obras ao Concello, este será o responsable das mesmas para todos os efectos, asumindo a súa xestión, mantemento e conservación. Con todo,

para completar a entrega está a tramitarse o expediente de mutación demanial previsto no convenio asinado entre ambas as Administracións.

As actuacións tiveron un investimento final de 1.720.000 euros.

### AVENIDA DE COSPEITO



O Concello de Vilalba renovará o firme e a sinalización da avenida de Cospeito, xa que “con esta actuación, mellorará o tráfico e a seguridade nun vial moi utilizado polos veciños e veciñas de Vilalba”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. A actuación, que foi aprobada nun pleno extraordinario, terá lugar no tramo entre a rúa Abadín e a avenida Terra Chá e suporá a renovación da capa de rodaxe e a sinalización horizontal.

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**

**Ven a probar os nosos cocidos**

○ Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**RENTA CAR**

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: **AUTOCARAVANAS**  
**VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS**

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

## Chega o día 13 ao auditorio de Vilalba a obra 'Iribarne'

Logo da súa celebrada presentación en Madrid, ButacaZero vai estrear en Galicia a súa última proposta escénica, *Iribarne*, o 13 de xaneiro en Vilalba. O Auditorio Carmen Estévez será o punto de partida dunha xira por boa parte de Galicia e numerosas cidades españolas que se desenvolverá durante o 2024. A peza, unha revisión da figura de Fraga en clave de humor, é unha coprodución de ButacaZero co Centro Dramático Nacional (CDN) e a Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia. *Iribarne*, que xa triunfou nos escenarios de Madrid, chega a Vilalba con todas as localidades vendidas pola expectación que despertou.



## Vilalba contará cun punto de atención á infancia con 20 prazas

O Concello de Vilalba obtivo unha subvención de 123.707 euros para poñer en marcha un novo Punto de Atención a Infancia (PAI) que dará servizo a 20 nenos e nenas de 0 a 3 anos e as súas familias.

A subvención da Xunta chega despois de meses de xestións por parte da alcaldesa, Marta Rouco, apoiando ademais as demandas dos pais e nais dos nenos e nenas que quedaron sen praza neste curso nas escolas infantís da vila.

Rouco mantivo varias reunións coas familias e coa Xunta "para solicitar á consellería o incremento das prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos en Vilalba, que é unha competencia autonómica, pero o goberno galego díxonos que a día de hoxe a única

solución pasaba por solicitar a subvención para o PAI", apunta Rouco.

"É unha boa nova que a Xunta de Galicia apoie o comezo deste novo servizo, pero hai que ter en conta que a subvención chegará para facer as obras de construción do PAI e que debe ser o concello o que asuma despois a xestión e o mantemento", afirma a alcaldesa, que remata lembrando que "os concellos non temos capacidade para asumir competencias que non son nosas".

**BNG** Pola súa banda, a deputada nacionalista Carme Aira presentou no Parlamento Galego unha serie de iniciativas para que as familias vilalbesas non vexan mermadas as súas capacidades de conciliación.

A Vila de Vilalba, cabeceira da terra Chá experimentou un crecemento demográfico. Habitualmente o número de nacementos viña sendo de 60 ao ano pero o ano pasado producíronse uns 104.

"É precioso que a Xunta de Galiza interveña, en coordinación co concello se fora preciso, para dar atención á situación e ás persoas, sen esperar a que sigan nacementos este ano e o próximo que incrementarán as listas de espera, e para isto é importante que se actúe xa con medidas extraordinarias para atender esta situación extraordinaria tamén, e que as medidas que se tomen sexan para atender as necesidades dos próximos anos tamén" concluíu Carme Aira.



## Rematan as obras de mellora no acceso a Barbeitas, en Sancovade

O tenente de alcalde e responsable de Infraestruturas Rurais Modesto Renda informou do remate das obras de mellora da vía de acceso ao barrio de Barbeitas, na parroquia de Sancovade.

Os traballos, financiados con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Municipais, realizáronse esta semana e obxectivo dos mesmos

foi a limpeza de cunetas, o reforzo da base do firme, a necesaria pavimentación mediante dobre rega asfáltica e a colocación de nova sinalización vertical.

Renda, que valorou moi positivamente o resultado, lembrou que era unha obra "moi demandada pola veciñanza dos barrios de Muíños e Barbeitas".

## O FIV vendeu máis de mil entradas na primeira hora de apertura de taquilla

O FIV esgotou xa nos primeiros minutos os dous primeiros grupos de abonos para o festival do 2024, que terá lugar entre o 26 e o 27 de abril. As entradas puxéronse á venda ás 10.00 horas a un prezo de 25 euros e nuns minutos quedaron esgotadas. O segundo tramo, a 30 euros, tamén quedou rapidamente esgotado polo que ás 11.00 xa estaban á venda as do terceiro tramo, a 38 euros, da que quedan poucas á venda. Cando se esgoten abrirase un cuarto tramo que ten un prezo de 45 euros.

A organización afirma que xa se venderon máis de mil entradas no primeiro día de apertura da venda e antes de que se coñeza o contido do festival.

## O Concello abre un proceso para regularizar os recibos do lixo no rural

Ata o 31 de xaneiro estará aberto o período voluntario para que os propietarios de inmobles no rural que non pagan o recibo do lixo regularicen a súa situación.

Tras os labores inspectores realizados polos servizos municipais, detectáronse inmobles que non constan no padrón fiscal de recollida de lixo no rural e que, polo tanto, non se atopan ao corrente do pago da taxa obrigatoria por prestación do servizo de recollida do lixo.

En consecuencia, establécese a citada moratoria de regularización libre e voluntaria ata o 31

de xaneiro para que os afectados procedan á regularización da súa situación, mediante a alta voluntaria no padrón dos inmobles, incluídas as vivendas non habitadas e os locais sen actividade.

As persoas propietarias que utilicen esta regularización pagarán a taxa correspondente ao presente ano 2024. No caso de que non subsanen a súa situación no prazo establecido, procederase á súa alta de oficio e o concello poderá cobrarlle as cotas dos últimos catro anos con carácter retroactivo, así como os intereses de demora.

### CEIP INSUA BERMÚDEZ



Cruz Vermella Vilalba desprazouse ao CEIP Antonio Insua Bermúdez da localidade para recoller unha doazón de 78 kgs de alimentos non perecedoiros e de produtos de hixiene persoal para familias en estado de vulnerabilidade. Esta entrega provén da campaña de recollida de alimentos que a ANPA do centro educativo puxo en marcha a través dos alumnos e as súas familias.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1.7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**NOVEDAD**

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com)



## EN BREVE

**ESPAZO XOVE.** O Espazo Xove Vilalba iniciará este mes de xaneiro un grupo novo de actividades. Así, está previsto pintura os mércores de 19.30 a 21.30 horas. Á mesma hora e día haberá debuxo. Ademais, todo os xoves, entre as 18.00 e as 20.00 horas todos os amantes do xadrez terán partidas e formación. As persoas interesadas neste servizo poden poñerse en contacto co mesmo no teléfono 982 828 340 ou no correo espazoxovevilalba.xuventude@xunta.gal.

**BIBLIOTECA.** Con motivo da celebración dos exames universitarios, a Biblioteca Municipal ten abertas as súas aulas de estudo en horario continuado. Este é de 8.00 horas a 20.00 horas de forma ininterrompida ata o 26 de xaneiro. Estas aulas poden ser usadas libremente.

**FESTAS.** Sancovade celebrará o 20 de xaneiro as súas festas na honra a San Antón. O sábado o grupo Eureka será o encargado da música en dobre sesión e na verbena estará tamén a orquestra Panamá Band. Previamente, celebrarase unha misa, ás 13.30 horas, seguida de procesión. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa e haberá calefacción. Ademais, durante a verbena, haberá dous sorteos, un porco e unha estufa de pellets.

**TANGO.** O auditorio municipal acollerá o 28 de xaneiro, domingo, ás 19:00 horas, a actuación do grupo de tango argentino de maior audiencia en Europa, La Porteña, que presenta o seu espectáculo titulado *15 tangos de historia*. As entradas xa están á venda en [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com) cun prezo de 16 euros.

**IESCHA.** O Instituto de Estudos Chairegos organiza o martes 16 de xaneiro de 2024, ás 19:30 horas, na casa da cultura, un acto no que se procederá á presentación do libro e á inauguración da exposición *Tinta de fol*, de David Cuece e Boroa, e que contará tamén cunha demostración pictoacústica. Dous días máis tarde, o 18, á mesma hora e no mesmo lugar Tuco Cerviño presentará o seu libro *Un taxi verde e un concerto*.



## O CEIP Terra Chá licita obras de mellora da eficiencia enerxética

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades licita obras de mellora da eficiencia enerxética no Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Terra Chá de Vilalba, ás que destina 204.200 euros.

As empresas interesadas poden presentar ofertas ata o día 17 de xaneiro; o prazo de execución dos traballos será de tres meses.

A intervención contempla substituír 85 ventás por outras similares ás que foron instaladas recentemente, con dobre acristalamento e apertura oscilobatente, co que se completaría a renovación en todas as estancias que teñen uso docente. Igualmente, cambiarase o sistema de iluminación coa colocación de 223 puntos de

iluminación LED. Vaise acondicionar unha nova aula de infantil con baño integrado no interior e reformaranse dous baños, un deles para facilitar a accesibilidade. Por último, pintaranse algunhas zonas tanto interiores como exteriores do centro.

Ademais, o CEIP aproveitou o período de vacacións para realizar unha serie de melloras nas instalacións do comedor.

Os cambios consistiron en instalar un falso teito para mellorar o illamento térmico e acústico, solventando así o problema que tiñan. Tamén instalaron luminarias Led para mellorar a iluminación e aforrar enerxía. Trátase dunha mellora independente que se culminará co cambio de fiestras dentro da reforma enerxética.

### CARREIRA SOLIDARIA



O domingo 17 de decembro Cruz Vermella Vilalba celebrou a V Andaina solidaria, onde máis de 100 participantes puideron gozar dun marabilloso paseo polas rúas do centro urbano. Coa axuda de todos os participantes e tamén simpatizantes, conseguiron recadar 569 euros, que irán destinados á compra de xoguetes novos para máis dun centenar de nenas e nenos da comarca que se atopan en risco de exclusión social.

## Premiados os mellores criadores de capóns



Vilalba viviu unha nova e exitosa edición da Feira do Capón na que se contou cun público que se achegou ao medio milleiro de persoas e a presenza dun gran número de exemplares, preto dos 300, que se venderon rapidamente como acontece todos os anos.

Dende ás 10.00 horas, momento en que a feira abriu ao público, todas as persoas que se achegaron á praza da Constitución de Vilalba puideron mercar capóns e desfrutar dos exquisitos produtos do concello e os municipios da comarca como o queixo de San Simón, o roscón de Vilalba, diferentes tipos de carnes, marmeladas, mel ou as

filloas de Muimenta.

Ás 11.30 hora tivo lugar a entrega de premios. Nesta ocasión o premio para a mellor criadora foi para Mari Carmen Barro Ares, de Lanzós, e o da mellor cesta correspondeu a Vanesa Coira Funcasta, de Román.

Tamén recibiron premio Milagros Lozano Pérez, de Distriz, que levou a mellor parella, e Olivia Souto Amado, que con 37 capóns, foi a criadora que máis exemplares levou á feira. Houbo un premio especial para as novas incorporacións ao rexistro de criadoras e criadores: Paz Domínguez, Laura Cortiñas e Fernando Méndez.

## O centro sociocomunitario inicia a programación do ano

O centro sociocomunitario da praza da Constitución, dá comezo á nova programación de actividades. O delegado territorial, Javier Arias, visitou as instalacións para coñecer de primeira man as iniciativas en marcha. Arias explicou que este centro ofrecerá ata final de ano ata doce actividades que se desenvolverán nas tardes dos luns a venres. Así, as persoas maiores que así o desexen poderán participar en cursos de informática, memoria, saúde e benestar, voluntariado, encaixe de bolillos, coro, manexo de móbiles, fisioterapia e podoloxía, entre outras.

Lembrou tamén que a Consellería de

Política Social e Xuventude dispón dunha rede de centros sociocomunitarios que ofertan arredor de 3000 prazas en máis dun cento de actividades. Ademais de Vilalba, na nosa provincia a Xunta con centros na praza da Milagrosa de Lugo, en Mondoñedo e Ribadeo, e están concibidos como lugares para a socialización e a convivencia interxeracional, con oferta de cursos ou actividades que favorecen o envellecemento activo. Tamén se implican na dinamización da contorna e están abertos ás asociacións e colectivos locais, que atopan nestes centros da Xunta espazo para desenvolver as súas iniciativas.

## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





# Os pequenos da EEI expoñen os seus traballos sobre Picasso

A Escola de Educación Infantil de Vilalba vén de estreir unha exposición dos traballos realizados durante o primeiro trimestre do ano e que consisten nunha recompilación das obras de Pablo Picasso.

As obras, vistas desde a óptica dos pequenos poden visitarse na sala de exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba ata o día 20 de xaneiro, de luns a venres de 18.00h a 22.00h e os sábados de 10.00h a 14.00h.

Os artistas son pequenos de 4 e 5 anos de idade que utilizaron diversas técnicas para recrear as obras de Picasso ao longo da súa vida, desde a etapa negra á rosa ou á azul, con traballos con pintura, cartón, etc...

Son máis de 200 traballos os que



forman parte do que xa se coñece como Museo Picasso e que foron elaborados por un total de 65 nenos e nenas nunha iniciativa que contou co apoio do Concello de Vilalba.

“Agardamos que vos guste tanto

como o traballo e a ilusión que alumnado e profesorado puxemos nell”, din desde a organización desta iniciativa, que sen dúbida descubrirá novos artistas entre os máis pequenos da vila.

## O Concello aposta por dixitalizar a rede municipal de auga

O Concello de Vilalba aprobou en pleno optar a unha convocatoria do Goberno con fondos europeos cun proxecto para dixitalizar a rede municipal de auga, mellorando a calidade do servizo que reciben os veciños e veciñas.

A convocatoria forma parte do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE de dixitalización do ciclo da auga) do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Miteco).

“O proxecto consiste en aplicar as tecnoloxías dixitais e da información para mellorar a eficiencia e a calidade dos servizos relacionados co ciclo integral da auga, é dicir, a

captación, distribución, tratamento e reutilización deste recurso”, explica a alcaldesa, Marta Rouco.

A través da empresa concesionaria do servizo, Espina e Delfin, Vilalba preséntase á convocatoria dos concellos de Boqueixón, Burela, Curtis, A Illa de Arousa, Melide, Mesía, Ordes e Sanxenxo. O importe do proxecto é de 1.556.349,69 euros e a subvención solicitada é de 1.500.000 euros.

“O proxecto opta a fondos europeos para impulsar a dixitalización e sensorización da rede coa instalación de equipos tecnolóxicos de última xeración, que permitirán un control exhaustivo

dispoñendo de información precisa en tempo real do estado da auga e das súas infraestruturas, mellorando a eficiencia enerxética, a redución de perdas de auga, a información dos usuarios sobre a súa subministración e un adecuado control das verteduras”, engade a alcaldesa.

“É prioritario para este goberno realizar actuacións para garantir o desenvolvemento sostible do concello; somos conscientes do elevado custo das actuacións e por iso agradecemos ao Goberno do Estado que poña esta ferramenta de colaboración público/privada ao noso alcance”, apunta.

## Vilalba estrea unha pantalla led turística

A concelleira de Turismo de Vilalba, María Xosé Fernández, inaugurou a pantalla led coa que se promocionará a oferta turística, cultural e recreativa do Concello.

Situado nunha das paredes da casa da cultura, a fin de que sexa visible desde a rúa, o dispositivo proxectará imaxes e vídeos de maneira continua e rotatoria, achegando toda a información a veciños e visitantes.

“A instalación e posta en marcha desta pantalla é un salto de calidade na promoción do municipio, a través dun punto de referencia informativa para todas as idades e sectores”, explicou Fernández.



## Sancovade elixe aos gañadores dos seus concursos

O xurado do concurso de decoración de Nadal organizado pola asociación de veciños Santiago de Sancovade xa ten os resultados.

Foi o colectivo Árdelle o Eixo tamén o encargado de visitar as casas para escoller os mellores adornos. Nunha primeira rolda establecéronse tres finalistas, Marcos e Sandra, Dani e Patricia e Chelino e Inma.

Despois destas visitas e moito debate, produciuse un empate entre dúas delas pero o premio, polas fotacións en Facebook foi para Ventorro, decorada por Chelino e Inma.

No concurso de postais os gañadores foron na categoría infantil o Elfo de Sancovade e na de adulto, Gala.



**JRoca**  
INMOBILIARIA



**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<p><b>Basanta Silva, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   110m<sup>2</sup> <span style="float: right;">98.000€</span></p> <p>En Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense ofrecemos en venta o en alquiler con opción de compra un piso muy céntrico, de 3 habitaciones y sala, dos baños y cocina. La vivienda está amueblada, dispone de ascensor, garaje y tiene orientación sur, lo que implica una reducción grande de consumo de calefacción.</p>
<p><b>Billetes, Abadín</b> Casa rural   3 Dorm   1 Baños   216m<sup>2</sup> <span style="float: right;">52.000€</span></p> <p>En Castromayor, municipio de Abadín (Lugo), se vende vivienda rústica de planta baja y piso, adosada a otra casa. En el precio se incluye el cirundo de unos 1.500 metros cuadrados.</p>
<p><b>Calle As Pontes, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   145m<sup>2</sup> <span style="float: right;">120.000€</span></p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende piso en calle céntrica y tranquila, de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina y dos terrazas, una al Oeste y otra al Este de la vivienda. El piso tiene 112 metros útiles y 25 metros de terrazas cubiertas. Dispone de calefacción, plaza de garaje en el mismo edificio, ascensor y trastero en el bajo cubierta.</p>
<p><b>Basanta Silva, Vilalba</b> Casa / Chalet adosado   3 Dorm   1 Baño   213m<sup>2</sup> <span style="float: right;">50.000€</span></p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende casa de planta baja y piso, de unos doscientos metros totales construídos. Además de la entrada principal por calle Basanta Silva, dispone de otra salida por detrás hacia calle Lameirón, por donde dispone de un trazo de terreno.</p>
<p><b>Mondoñedo, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baños   140m<sup>2</sup> <span style="float: right;">95.000€</span></p> <p>En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.</p>
<p><b>Pravia, Vilalba</b> Estudio / Dúplex   0 Dorm   2 Baños   120m<sup>2</sup> <span style="float: right;">45.000€</span></p> <p>En la calle de la Pravia de Vilalba (Lugo), se vende dúplex en placa y sin divisiones, para que lo termine el que lo compre. También se podrían hacer dos apartamentos, uno de 66 metros útiles y otro de 47 metros útiles. El edificio no dispone de ascensor.</p>
<p><b>Calle Galicia, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   89m<sup>2</sup> <span style="float: right;">90.000€</span></p> <p>Con una ubicación privilegiada, este inmueble cuenta con 3 dormitorios, sala, 2 baños completos, cocina y calefacción para tu comodidad. Además, podrás disfrutar de todas las ventajas de contar con ascensor y una plaza de garaje incluida en el precio. Si necesitas más espacio, también tienes la opción de adquirir el piso adyacente. Con una superficie de más de 180 metros, este piso te ofrece un amplio y acogedor hogar.</p>
<p><b>Pravia 42, Vilalba</b> Dúplex   3 Dorm   3 Baños   140m<sup>2</sup> <span style="float: right;">98.000€</span></p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende dúplex muy céntrico con la siguiente distribución: En planta baja tiene el salón, la cocina, un baño, un dormitorio, un aseo, una sala y un trastero y en planta alta, hay dos dormitorios y otro baño. La vivienda dispone de garaje, ascensor y calefacción individual. La propiedad también aceptaría alquiler con opción de compra.</p>
<p><b>Campelos, Vilalba</b> Finca rústica   7 Dorm   2 Baños   380m<sup>2</sup> <span style="float: right;">350.000€</span></p> <p>En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.</p>

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles**  
**Comunidades - Penal**

**Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)**  
**Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)**  
**Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720**

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)



## As fotografías de Adra Pallón poderán verse en San Paio de Narla ata marzo

O Museo Fortaleza de San Paio de Narla amosará ata o vindeiro 1 de marzo o traballo fotográfico documental de Adra Pallón, dentro dun ciclo posto en marcha pola Rede Museística da provincia.

Os incendios forestais, a loita obreira fronte á desindustrialización, o éxodo silencioso do rural e a realidade da clase traballadora son as temáticas que protagonizan o percorrido fotográfico que propón o premiado fotógrafo lucense baixo o título "Intrahistorias.Luz entre as cinzas". A deputada de Cultura Iria Castro participou na presentación e coloquio da mostra, na que Adra Pallón falou sobre o medio fotográfico e a relación deste coa sociedade actual.

**BALANCE.** A Rede Museística Provincial recibiu en 2023 máis de 67.500 visitas nos catro museos que a forman. O centro máis visitado foi o Museo Provincial de Lugo, ao que se achegaron 37.600 persoas, seguido polo Museo do Mar, en Cervo, con preto de 16.000 visitantes; o Museo Etnográfico Fortaleza San Paio de Narla, con 7.500 visitas; e o Pazo de Tor, que sumou 6.300 visitantes. Iria Castro celebrou esta cifra, que supón un aumento de máis do 5% con respecto a 2022, cando se rexistraran 63.650 visitas.

# Friol acollerá en xuño as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia

Friol acollerá do 28 ao 30 de xuño as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia, que organiza a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. A presentación oficial do evento tivo lugar o martes 9 de xaneiro no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol, coa participación do conselleiro de Medio Rural, José González Vázquez, que estivo acompañado do alcalde de Friol, José Ángel Santos, e o presidente do colectivo deportivo Hércules, Thor López Arias, que se encarga do desenvolvemento do campionato.

Consideran desde o Concello que Friol é a localización idónea para este evento, xa que, "ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada".

Habilitarase unha ampla zona de acampada e unha zona camper para furgonetas e autocaravanas, aínda que cada equipo é libre de xestionar o aloxamento pola súa conta. A comarca de Friol ten capacidade hostaleira suficiente para dar servizo aos visitantes, contando ademais coa cidade de Lugo a 20 minutos en coche para poder dar



hospedaxe a visitantes que non o atopen no propio municipio ou nas casas rurais próximas.

A inspiración para crear estas primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia xorde das primeiras olimpíadas rurais que se celebraron en España: as dos Pedroches (Estraña, Córdoba), que desde hai 14 anos congregan cada verán a 48 equipos de todo o sur para competir nunhas Olimpíadas que recuperan os xogos tradicionais dos pobos.

Para esta primeira edición oficial de Galicia exponse a competición cun máximo de 24 equipos chegados de toda a xeografía española, coa idea de ir aumentando cada ano ata un

máximo de 48 equipos en futuras edicións.

**HORARIO.** As Olimpíadas comezaran o venres 28 de xuño pola tarde coa gala inaugural, na que todos os equipos desfilarán polo pobo ata chegar á praza de Andón Cebreiro, onde estará situado o escenario para ir presentando a cada un dos equipos. Despois da gala inaugural celebraranse as primeiras probas da competición.

Sábado e domingo pola mañá, ao toque de diana. Celebraranse un almorzo conxunto no que os preto de 500 participantes degustarán gratuitamente os mellores produtos da

zona: queixo, pan, leite, embutidos, froita etc.

As principais probas que se disputarán nestas Olimpíadas son xogos tradicionais populares como os zancos, os tiradores, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacadalo, a cucaña, os mizos, as cintas, a corda, a carretilla, a silliña da raíña, a corda ou os cántaros.

O domingo 30 de xuño celébrase a xornada final, coa realización das últimas probas e a gala final con entrega de premios, sorteos, agradecementos e despedida. As Olimpíadas pecharanse nunha comida de confraternización cunha paella xigante gratuíta para todos os participantes.

## O alcalde visita aos maiores do centro de día



Os maiores que asisten diariamente ao Centro de Día da Xunta que Afalu xestiona no Concello de Friol, recibiron a visita de parte do equipo de Goberno local, acompañados por Carmen e Valentín, presidenta e xerente de Afalu. "Quixemos así agasallar en estas datas tan sinaladas, a estas persoas maiores que disfrutan de este servizo tan importante e necesario nun pobo como Friol", dixo. Este centro leva funcionando máis de tres anos e ten en estes momentos 11 usuarios. Este servizo dispón

de 14 prazas públicas, subvencionadas pola Xunta.

"Este é un servizo fundamental para a poboación que ten algún tipo de problema relacionado co Alzheimer, ou que ten probabilidade de telo, posto que os profesionais que traballan aquí están especializados en traballar con estas persoas e conseguir que a súa enfermidade avance o mais lentamente posible, e incluso que poidan recuperar certas facultades que viron reducidas", afirma Santos.

## Promóvense conversas no polo sobre emprendemento feminino

A secretaria xeral da Igualdade, Sandra Vázquez, e a directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, Margarita Ardao, participaron en Friol na actividade Conversas de emprendemento feminino, organizada pola Xunta no polo para, entre outros retos, impulsar o emprendemento feminino creando redes de contactos entre as mulleres emprendedoras, tanto da Rede como de fóra, e promovendo sinerxias no que o polo sexa un catalizador das mesmas. Así mesmo, a iniciativa pretendeu dar visibilidade aos proxectos de emprendemento do polo de Friol e mellorar a formación das mulleres participantes a través das reflexións xurdidas na xornada.

Preto dun 70% das persoas emprendedoras que participan no polo de Friol son mulleres con diferentes perfís en canto a idade, orixe e motivacións. Destacan, ademais, pola súa creatividade e resiliencia polo que



a xornada xurdiu para compartir as experiencias dunhas con outras para reforzar a súa formación e habilidades. En total, están a tomar parte 50 persoas emprendedoras neste polo no que se realizaron desde a súa posta en marcha 94 titorías.

A Rede de polos de emprendemento e de apoio ao emprego, que a Xunta puxo en marcha en xullo de 2022, xa conta con 12 centros distribuídos por toda a xeografía galega dos que catro están emprazados na provin-

cia de Lugo: ao de Friol súmanse os da Fonsagrada, Monforte de Lemos e Mondoñedo. Estes catro centros asesoraron a 205 persoas emprendedoras (59% mulleres) con proxectos pertencentes a diversos sectores de actividade entre os que destacan a hostalería (25%), os servizos (12%) e os vinculados con actividades profesionais, científicas e técnicas (11%). Nestes polos da provincia realizáronse 520 sesións de traballo conxunto e de acompañamento.



# Cubrirán unha bancada no Evaristo Puentes e renovarán a galería de tiro

A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de construción dunha bancada cuberta para o campo de herba artificial Evaristo Puentes, no Poboado das Veigas. A bancada situarase no lateral noroeste, centrada na metade e ocupando o espazo libre existente entre o campo e o peche vexetal que separa as instalacións deportivas da Ronda do Poboado. A superficie construída da cuberta da bancada será de 142,50 m<sup>2</sup> e a bancada disporá de 7 pórticos metálicos con protección con galvanizado en quente, que ocuparán 30 metros de lonxitude e 4,75 metros de ancho, albergando a 168 persoas en asentos sen respaldo de PVC.



Ademais, a bancada cubrirá tamén os dous metros de ancho de beirarrúa existente que separará a bancada do campo de xogo, ofrecendo maior protección aos espectadores que acudan ao campo a gozar das

competicións deportivas así como aos diferentes clubs que fan uso desta instalación. Tamén se aprobou o proxecto para a construción dunha galería cuberta nas actuais instalacións do campo de

tiro con arco, tamén no Poboado. Ten un orzamento de 211.00 euros, con cargo a fondos propios, e permitirá a execución dunha nova instalación que se localizará no extremo final da actual zona de tiro para, deste xeito, investir o sentido da mesma e evitar que á luz do atardecer afecte á visibilidade dos arqueiros. O proxecto aprobado prevé a execución dunha nave cuberta e pechada, que servirá de almacén para os parapetos das dianas e outros útiles de tiro e cuxa cuberta se prolongará catro metros para xerar un soportal onde poder adestrar, ao aire libre, completamente protexidos das condicións meteorolóxicas adversas.

## O centro da Mina acolle unha mostra sobre arquitecturas

O Centro de Interpretación A Mina acolle desde o 10 de xaneiro a exposición Arquitecturas Desaparecidas, comisariada por Cristina Souto Pita; veciña das Pontes e estudante de Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo.

A mostra, froito dunha selección das fotografías que conforman as memorias da Empresa Nacional Calvo Sotelo ten como obxectivo complementar os contidos do Centro de Interpretación que o Concello das Pontes ten nas antigas instalacións da Casa da Enerxía e amosarlle aos visitantes o patrimonio industrial. Pode visitarse os martes, mércores e sábados, de 10:00 a 13:00 e os xoves e venres, en horario vespertino, de 16:00 a 19:00 horas.

## O Concello comeza cun novo Programa Integrado de Emprego

O Concello das Pontes pon en marcha unha nova edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia, en colaboración cos Concellos da Capela e As Somozas subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e cofinanciado polas entidades locais. O Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, cunha duración de 12 meses, ten como obxectivo prioritario, mellorar a ocupabilidade e inserción laboral

da veciñanza dos concellos das Pontes, A Capela e Somozas con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral. A través deste programa formativo ofreceráse ao alumnado participante unha ferramenta de axuda e acompañamento especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais, acrecentando a súa empregabilidade para situarse, deste xeito, nunha situación máis favorable cara o mercado laboral.

## Besteiro garante compensacións a propietarios das Fragas do Eume

O candidato socialista á Presidencia da Xunta de Galicia, José Ramón Gómez Besteiro, reuniuse cos alcaldes e propietarios das Fragas do Eume, os que lles trasladou a súa indignación pola aprobación do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) por parte do goberno do PP de Rueda. "O plan foi aprobado sen ningún tipo de consenso nin resposta ás alegacións presentadas polos concellos e donos das fincas", explica Besteiro.

A superficie das Fragas suma cinco municipios: Monfero, A Capela, As Pontes, Cabanas e Pontedeume, e o 80% deste Parque Natural pertence a particulares, que levaban 26 anos esperando unha Lei que fixara o uso



e a xestión das súas terras e lles compensara polas limitacións e obrigas que teñen, ao estar dentro dunha zona de especial interese. O candidato comprometeuse a derrogar o PRUX cando sexa presidente

do Goberno galego e consensuar un novo Plan porque o actual "é inxusto e non formula alternativas como beneficios pola fixación de carbono, pagos pola cesión de uso público ou a compra de terreos a prezos xustos.



**Nuestros clientes ya están viendo sus resultados**



### Tratamientos capilares en Lugo, sin injertos ni dolor

En nuestro centro Bajo Cero Lugo nos dedicamos al cuidado capilar con un innovador tratamiento, "la crioterapia".

Esta técnica no invasiva e indolora, activa y estimula las células madre ayudando a la construcción, regeneración y reparación de nuevo tejido de forma natural.

El tratamiento consta de diferentes fases que ayudan a estimular el cuero cabelludo con un ingrediente muy especial "El Frio".

La crioterapia capilar nutre, hidrata, purifica y revitaliza el cabello

Combate la caída del cabello, la dermatitis, la caspa y la seborrea

Pide tu diagnóstico con higienización incluida

**GRATIS!**



669 692 734

Avda. de la Coruña, 150 bajo. 27003 Lugo





## Ultiman a obra do centro de saúde mental local

A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo e o concelleiro de Urbanismo, Antonio Alonso visitaron as obras de construción da Unidade Residencial de Saúde Mental das Pontes, promovida pola Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal. O proxecto, cun investimento de próximo aos 2 millóns de euros conta co apoio económico do Concello das Pontes que aporta 400.000 euros así como do Goberno de España a través dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia e da Xunta. A unidade residencial terá unha capacidade de 25 prazas, nun total de 1.000 metros cadrados construídos, distribuídos en tres habitacións dobres, 19 individuais, zonas comúns para espaxamento e ocio, zona para taller de actividades, comedor, cociña e almacén, oficinas, e despa-

chos de atención personalizada. Todo elo coa aparencia dunha vivenda unifamiliar, co obxectivo de que as persoas usuarias podan facer unha vida o máis normalizada posible, en réxime de convivencia familiar, integrada no ámbito comunitario e nun entorno vivo próximo ós servizos sanitarios e sociais. Entre os servizos que prestará a unidade residencial de saúde mental destacan os programas individualizados de atención especializada, un plan de apoio familiar, asistencia nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria, actividades de lecer e tempo libre así como rehabilitación funcional, terapia ocupacional, estimulación cognitiva e atención psicolóxica, entre outras que recaerán sobre un equipo de traballo multidisciplinar con profesionais procedentes do sector sociosanitario.

## Un equipo de dez persoas traballa nun plan de loita contra a soidade

O Concello das Pontes puxo en marcha, no mes de maio, o proxecto de voluntariado Talento Interxeracional, que, en palabras de Tania Pardo Cabarcos, concelleira de Benestar Social “ten como fin combater a soidade non desexada das persoas maiores das Pontes, facilitando, ao mesmo tempo unha aprendizaxe bidireccional entre persoas maiores e novas e promovendo unha maior activación social do voluntariado nas Pontes”.

Na primeira fase do proxecto realizouse a procura de persoas voluntarias interesadas en participar no mesmo, contactando e informando principalmente o tecido asociativo das Pontes (asociacións de veciños/as, culturais e deportivas), concluíndo nunha presentación pública do proxecto no mes de xuño.

A continuación conformouse un grupo de 10 persoas voluntarias, cunha ampla diversidade en canto á súa idade, xénero e nacionalidade, que durante o mes de setembro recibiron formación por parte da ONGD Sen Valos co fin de deseñar e po-



ñer en marcha iniciativas solidarias desde o voluntariado enfocadas aos obxectivos do Proxecto Talento Interxeracional.

Do traballo colaborativo das persoas voluntarias xurdiron dúas iniciativas solidarias que se puxeron en marcha este último trimestre do ano 2023: En primeiro lugar puxéronse en marcha talleres conxuntos entre persoas maiores e novas e, a continuación, organizáronse actividades recreativas e lúdicas coas persoas maiores. Para o primeiro tipo de actividade, desenvóléronse talleres conxuntos entre nenos/as, novos e persoas

maiores nos meses de novembro e decembro, que empezaron no IES Castro da Uz, coa participación de alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e continuaron no mes de decembro no CEIP A Magdalena, co alumnado de infantil e primaria (de 3 a 12 anos), sumando máis de 600 escolares participantes nos talleres.

As actividades consistiron en trasladar ás aulas a arte da costura a través dun taller de adornos do Nadal para o que se contou coa axuda de 6 mulleres maiores de 60 anos que foron as encargadas de ensinarlles a coser e acompañalos.

## Unha ferramenta virtual de Terras do Anaris permite visitar o Eume

Terras do Anaris anuncia o lanzamento da súa nova ferramenta virtual, deseñada para dar a coñecer os valiosos recursos naturais e culturais da comarca do EUME. Esta ferramenta estará dispoñible a través da páxina web da asociación terrasdoanaris.gal a principios do ano 2024 e foi financiada con cargo a unha subvención da Deputación da Coruña para o ano 2023.

“Esta ferramenta representa un enorme púo á promoción da nosa bisbarra” dixo Xosé María López, presidente de Terras do Anaris. “Permítenos abrir unha xanela ao EUME, facéndoo máis accesible e atractivo tanto para a propia poboación do territorio como para as persoas in-

teresadas en visitar a nosa bisbarra”. Unha das características destacadas desta ferramenta é a súa accesibilidade directa a través do navegador de calquera dispositivo móbil, ofrecendo unha experiencia similar a unha aplicación sen a necesidade de descargala no noso dispositivo. Ademais, proporciona aos usuarios a capacidade de planificar as súas visitas ao territorio seleccionando e obtendo información detallada sobre os lugares de interese de maneira clara e intuitiva.

Terras do Anaris está comprometida coa visibilidade do territorio, crendo firmemente que a ferramenta marcará un fito ao facer que o Eume sexa

máis visible a través da Rede. Este esforzo busca colmar a falta de presenza na internet que experimentou a comarca do Eume durante moito tempo.

Con esta ferramenta, Terras do Anaris busca ofrecer unha experiencia personalizada aos usuarios, permíndolles descubrir os recursos que máis se axusten aos seus intereses e preferencias durante a súa visita ao Eume.

Ademais de facilitar a planificación de visitas, esta ferramenta non só céntrase en atraer ao público, senón que tamén promove a sustentabilidade ao fomentar o turismo responsable e a conservación dos recursos naturais e culturais do territorio.

### CENTRO DE EMPRESAS



O Centro de Empresas da Asociación de Empresarios Seara das Pontes recibiu a visita da deputada Rosana García, responsable das áreas de Educación, Cultura, Servizos Sociais, Igualdade e Turismo, que puido visitar as instalacións acompañada do presidente da entidade, José Castro. O centro alberga na actualidade a 11 empresas relacionadas coas enerxías renovables e o hidróxeno.

POR CADA **10€** DE COMPRA TE DESCANTAMOS **1€** EN TU SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com 982 887 932/604 049 938 • caracol.plus



# REE clausura a central

A vila recibirá 13 millóns de euros para a subministración enerxética

A icónica central das Pontes, inaugurada en 1976 case simultaneamente coa implantación da democracia en España, desapareceu finalmente do mapa eléctrico español. Co inicio do novo ano, Rede Eléctrica de España (REE) parou definitivamente esta planta, situando o peso do carbón por baixo do 2% da capacidade instalada por primeira vez desde que se teñen rexistros. Segundo a última clasificación da organización ecoloxista Beyond Fossil Fuels, era o décimo quinto máis contaminante de Europa. Unha lista que encabezan con diferenza Alemaña e Polonia.

O último movemento das Pontes data de hai moito tempo e só un cisne negro -a maior crise enerxética da historia de Europa- obrigou ao seu peche definitivo durante uns meses. No verán de 2021 paralizouse a queima de carbón mentres a súa propietaria (Endesa) tramitaba a solicitude de peche, pero o aumento da demanda coa chegada do frío e as crecentes dúbidas sobre a subministración de gas natural no Vello Continente obrigaron a repoñer reservas de combustible e a reactivalo temporalmente en novembro.

Uns meses despois, en setembro de 2022, e cando os chips do taboleiro de potencia estaban un pouco máis estables, o goberno -co visto e prace de REE, o xestor do sistema- aprobou o peche paulatino. Así, empezouse co peche de dous dos catro grupos xeradores, mentres que os outros dous quedaron dependentes da "dispoñibilidade de electricidade". O Ministerio de Transición Ambiental e Reto Demográfico aprobou o fin dos dous restantes en agosto do ano pasado.

Tras recibir a aprobación executiva, Endesa anunciou un investimento para desenvolver un xigavatio de enerxía eólica na rexión, aproveitando a rede existente.



Tras varios anos de mobilización, o 23 de novembro a Federación Galega de Sindicatos, co apoio do pleno municipal, convocou unha folga xeral na cidade onde se sitúa a planta.

**NOVOS PROXECTOS.** As Pontes recibirá do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico 13 millóns de euros para a creación dunha nova subestación de 400kV que reforza a subministración enerxética e "garante os proxectos industriais planificados para As Pontes. Proxectos como os de Ence, Reganosa ou Sentury Tire, que teñen garantida a subministración na súa primeira fase, agora tamén teñen garantía nas seguintes fases previstas nas súas programacións dos seus proxectos" apunta Valentín González Formoso, alcalde das Pontes.

A modificación ao Plan de desenvolvemento da rede de transporte eléctrica 2021-2026, que se atopa desde en fase de consulta pública, busca dar resposta ás necesidades asociadas á transición enerxética que levan apareladas novos proxectos industriais de gran envergadura, de carácter estratéxico, con gran capacidade de impulsar o crecemento económico e o emprego.

O investimento para As Pontes inclúe, tanto elementos que exercen unha función de conexión á rede de transporte como os desenvolvementos precisos para atender a necesidades relacionadas coa seguridade da subministración.

## MÁS SOLO INDUSTRIAL

A segunda modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG) afecta un total de 24 ámbitos industriais pertencentes a 18 concellos e planifica, entre ampliacións, áreas de nova incorporación e reaxustes na superficie dalgúns dos que xa estaban previstos, un total de 662.321 metros cadrados de solo industrial máis dos que se contemplaban no documento anterior.

O Consello acordou aprobar definitivamente a modificación do PSOATEG, un instrumento de planificación aprobado pola Xunta no ano 2014

co obxectivo de delimitar e localizar a superficie empresarial necesaria a nivel autonómico e definir á vez aqueles ámbitos territoriais susceptibles de acoller este tipo de desenvolvementos para poder cubrir as necesidades que xurdan neste eido a longo prazo.

Cómpre destacar a incorporación ao documento de dous polígonos de nova creación nos concellos das Pontes de García Rodríguez (nos terreos da antiga mina de lignito) e en Mos (en resposta á demanda de solo industrial na área metropolitana de Vigo).

# Ana Pontón anuncia nas Pontes unha empresa pública de enerxía



A candidata á presidencia da Xunta comprometeuse nas Pontes a impulsar a creación dunha compañía eléctrica pública liderada pola Xunta que garanta o acceso á enerxía como dereito esencial e, ao mesmo tempo, faga que os beneficios que xeran os recursos galegos se queden no País. "Unha das miñas primeiras decisións como presidenta de Galicia en materia enerxética será quitar a cadeira que o lobby eléctrico ten no Consello da Xunta". Pontón presentou as propostas de goberno do BNG en materia enerxética coas torres de Endesa no concello das Pontes como telón de fondo, un escenario simbólico do modelo enerxético "que nos imponen desde Madrid en contra dos intereses de Galiza" e que permite que empresas como Endesa, Naturgy ou Iberdrola "leven décadas explotando os nosos recursos sen que iso teña un retorno no País, nin para as pequenas e medianas empresas nin para as familias, moitas das cales este inverno seguirán pasando frío porque non poden asumir o elevado custe da luz", dixo. Dende As Pontes, Pontón comprometeu unha alternativa que pasa por tres cuestións básicas: a primeira, poñer a riqueza eléctrica

de Galiza ao servizo dos galegos e as galegas, contribuíndo ao desenvolvemento económico, social e á creación de traballo de calidade; a segunda, "democratizar" o acceso á enerxía; e a terceira, preservar a biodiversidade, o territorio e o medio ambiente.

"O modelo enerxético do BNG deixa a riqueza no País e coida do planeta, é un modelo socialmente xusto, democrático e transparente", sintetizou Pontón, que avanzou, entre outras medidas, que se a cidadanía lle da a confianza de presidir a Xunta creará unha empresa enerxética pública aberta á participación dos concellos, como xa teñen en países como Francia ou Suecia, unha empresa que permitiría, entre outras cuestións, o control da enerxía como ben básico e ir recuperando a xestión das centrais hidráulicas que vaian caducando. A alternativa do BNG inclúe tamén a posta en marcha da tarifa eléctrica galega que permita rebaixar a factura das familias galegas. Pontón quixo deixar claro que o BNG está a favor da eólica, mais non do "boom eólico depredador ao servizo das grandes enerxéticas que non teñen en conta cuestións ambientais e non respecta o rural".



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito





## Fernando González gaña o Concurso de Decoración

Entregáronse os premios do IV Concurso de Decoración de Nadal do Concello de Xermade, no que participaron veciños e veciñas do municipio decorando as súas árbores, o seu belén, as súas casas e os seus establecementos. Así, cada categoría obtivo un premio para recoñecer o esforzo, a ilusión e o cariño das persoas que participaron no concurso e así fomentaron a dinamización do Nadal no municipio.

Fernando González foi a persoa premiada na categoría Árbore, Ana B. Corral Martínez gañou na de Belén, Sarai Paz Prieto en Decoración interior, mentres que Miriam Seoane Dorado gañou a de Decoración exterior. Por último, Noemí Vigo Guerreiro venceu na de Establecementos comerciais con A túa lenda NG Gourmet. No acto fíxose un recoñecemento a Carolina Graña Montero e á granxa A Lagoa Serabel SC.

### BELÉN DE MOMÁN



Na capela de San Antonio de Momán volveron colocar un ano máis un belén que reflicte a realidade do que acontece no mundo. Nesta ocasión, o "xenocidio de Israel sobre Palestina" foi o tema deste ano. Coa celebración da xornada de Reis deron por terminada esa campaña e Luis Rodríguez, o párroco local, e os veciños ofreceron unha declaración de apoio.

## Veciños reciben información sobre o parque do Santuario

Xermade acolleu o encontro co Observatorio foi promovido polo goberno municipal debido á gran preocupación social existente pola dimensión do proxecto e porque os propietarios perciban unha contraprestación económica xusta pola ocupación das súas terras. Arredor de 10 dos 23 aeroxeneradores, estarían situados a menos de 500 metros de núcleos de poboación, incumprindo o Plan Sectorial Eólico de Galicia – Áreas de Desenvolvemento Eólico de 2002.

Nesta liña, como recordaba o director do OEGA, Xavier Simón, Santuario comprometería durante os vindeiros 30 anos o uso de 8.278,45 hectáreas de terreo, o equivalente a uns 10.000 campos de fútbol sen a contraprestación dunha renda rural xusta. "A Xermade vai chegar unha industria que vai investir 169.159.596M€ cunha previsión de facturación 40M€/ano, segundo os prezos da electricidade de novembro, pero cunha gran descompensación económica para o bolso

dos propietarios dos terreos e das familias. As rendas para o rural, con 0,70€ por metro cadrado de pleno dominio e 0,35€/m2 para as servidumes, apenas alcanzarán o 1% da facturación anual", explicou. Nesta situación, desde o Observatorio Eólico de Galicia recomendaron aos propietarios "non ter presa" e, sobre todo, formar un grupo unido para negociar maiores prezos e apoiarse no Concello de Xermade como valedor dos seus dereitos e da veciñanza en conxunto.

## Xosé Manuel Felpeto presentou o seu novo libro en Cabreiros

Xosé Manuel Felpeto Carballeira vén de presentar o seu libro *Branco xiz tirando a negro*, a súa segunda novela, despois de *O pau de ferro*, una edición con moito éxito e recoñecemento. Esta segunda obra, na que tamén se trata a vida no campo galego, ten como protagonista un home que pasa da vida urbana á rural e compara as súas formas de vida como a urbana máis fría e a rural máis cálida. Ademais, engade referencias cinematográficas.

A casa escola Chao, en Cabreiros, Xermade, foi o lugar elixido para a presentación desta obra, xunto á asociación veciñal e Xoán Cuba.

"Quero agradecervos a vós outros, os lectores, por facer posible a fantástica acollida que tivo *O pau de*



*ferro*. Motivo máis que xustifico para verme na obriga de seguir mergullado nunha das miñas paixóns, o mundo da escrita. O resultado, recentemente saído do forno, será presentado no local social da A. VV. de Cabreiros. Oxalá sexa do voso agrado: *Branco xiz tirando a negro*. Así mesmo síntome afortunado e

agradecido por poder contar con xente amiga e sempre comprometida coa cultura para axudarme a que este libro chegue ás vosas mans. Xosé Lastra Muruais, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Leandro Lamas Hermida, Santiago Martínez García e por seguir confiando en min a Editorial Tris Tram", sostivo o autor.



**RYS  
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS



**Milwaukee**



Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



## A Xunta comprométese a realizar melloras no centro de saúde local

A alcaldesa de Rábade, Remedios González, mantivo un encontro de traballo coa xefa territorial de Sanidade, Begoña Seco, e o xerente do Sergas, Ramón Ares, para abordar as melloras que precisa o Centro de Saúde da localidade.

O Goberno local trasladoulles hai uns meses a necesidade do arranxo de varias zonas do centro, o que permitirá dar unha mellor atención e un mellor servizo aos doentes.

Na súa visita ao centro sanitario, a responsable da Xunta comprometeuse a arranxar as zonas comúns a principios deste ano. Tamén trasladou a intención da Consellería de Sanidade de levar a cabo unha reforma integral do edificio, así como



de acometer obras na cuberta. A rexedora estivo acompañada na súa visita ao Centro de Saúde da concelleira de Sanidade municipal,

Pilar Dapena. Ambas agradecen a boa disposición da xefa territorial de Sanidade e do xerente do Sergas coas necesidades expostas.

## Arranca a campaña de promoción do comercio local

A Asociación de Comerciantes de Rábade organiza unha campaña para promover o comercio local baixo o nome de *Merca no comercio local*, no que poderán participar todos os veciños e veciñas nun sorteo.

Así, as persoas interesadas en participar poderán facelo mercando en diferentes establecementos do municipio.

O sorteo, que terá lugar na sesión vermú das Festas de San Vicenzo o vindeiro día 27 de xaneiro de 2024, repartirá unha cesta con produtos dos establecementos adheridos e 20 vales por valor de 30 euros.

### POSTAIS DE NADAL



Rábade entregou os premios do concurso de postais de Nadal, que celebrou a XVII edición. A alcaldesa, Reme González, e o concelleiro Carlos González, foron os encargados de facer a entrega. As vencedoras foron Yenli Milagros (Categoría A, de 3 a 5 anos), Yanira Casanova (Categoría B, de 6 a 9 anos) e María Nogareda (Categoría C, de 10 a 14 anos). Tamén levan premio o 2º e o 3º posto. A dotación dos premios é de 60 euros para o primeiro, 40 para o segundo e 20 para o terceiro. Deberán ser cambiados no comercio local.



## Rematan as Cegas de Nadal de fútbolín

Rábade volveu acoller unha nova edición das Cegas de Nadal na Meca, que contaron de novo cunha ampla participación dos amantes do fútbolín.

Os campións desta edición foron Cristian Manfer e Carlos Varela con Felipe López e Héctor Bande colocados na segunda posición. Ademais Chechu e Anxo clasificáronse

en terceira posición e Alberto e Raúl na cuarta.

A cesta que se sorteou no Papyrus foi para Celeste e o sorteo do Máster de Rábade correspondeu a Cristian e Senén.

Na segunda ronda de cegas, os campións foron Felipe López e Alberto Lago e os subcampións Torino e Raúl Páramo.



**PRAZA DE ESPAÑA.** Xa remataron as obras de recuperación de espazos públicos na praza de España. As obras consistiron na recuperación dun espazo "que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado", explicou a alcaldesa ao inicio das obras. Eliminouse o "vertedoiro" no que se tiña convertido a antiga fonte, repuxeron as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farois de fundición, ao tempo que se recuperou a zona como espazo público para uso e disfrute da veciñanza.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



## Amplíase o programa Btteando por Guitiriz

BTTeiros Cova da Serpe e o Concello de Guitiriz poñen en marcha este domingo unha nova edición do programa Btteando por Guitiriz, a sexta, unha iniciativa que integra unha serie de rutas en bici abertas para todos os públicos.

Arranarán o domingo 14 de xaneiro, e realizan un percorrido ao mes ata o 26 maio de 2023. Logo do marón durante o verán retomarán as rutas os tres últimos meses do ano. En todas se disporá dun itinerario alternativo para os nenos e nenas a partir dos sete anos que queiran participar, os cales deberán ir acompañados por unha persoa adulta.

A primeira terá lugar polas bidueiras en San Breixo con saída e chegada a San Alberte dende as 10.00

horas.

Sucesivamente irán en febreiro farán a ruta das Canteiras de Miraz en Friol, en marzo tocará o balneario de Guitiriz e en abril a ruta dos Muíños. Rematarán en maio coa Ruta da Pedra Díaz Castro nos Vilares.

En outubro volverán con Bascuas e o Camiño Real por San Salvador e a do pantano de San Xoán en novembro. Está previsto rematar o 29 de decembro coa Ruta de Fin de Ano, con saída e chegada á praza do Campo da Feira de Guitiriz.

É obrigatorio o uso de casco e levar unha peza de froita (aconsellable plátano) e auga. Pode haber algún cambio nas datas debido ao mal tempo ou algunha outra causa xustificada, casos nos que se avisaría coa maior antelación posible.

## Comeza a obra de ampliación do PAI

Comezaron as obras de reforma e ampliación do Punto de Atención Infantil (PAI), unha actuación que ten un orzamento de execución de 367.780,25 euros.

Para o financiamento obtívose unha axuda de 92.780,25 euros a través dos fondos Next Generation da Unión Europea, mentres que a parte restante se sufragará con fondos municipais. O Concello segue a agardar que a Xunta faga valer o compromiso acadado no ano 2019 coa conselleira de Política Social, Fabiola García, de que colaborarían neste proxecto.

Os traballos permitirán aumentar a capacidade ata 35 prazas, distribuídas en dúas unidades, unha de 20 nenos e nenas de 2-3 anos e outra de 15 nenos e nenas de 0 a 3 anos, resolvendo así o déficit existente e eliminando as listas de agarda.



No edificio actual do PAI, que albergará a cociña, o comedor, un aseo adaptado, os vestiarios, a sala de usos múltiples e o despacho de dirección, actuarase sobre a envolvente para adecualo a unha maior eficiencia enerxética. Así, executárase un illamento exterior en fachada e substituírase o material de cuberta

por outro con maior illamento. Na parte ampliada está previsto que se sitúen as dúas aulas, os dous aseos de nenas e nenos e a zona de descanso para os máis pequenos. No volume que fará de nexo entre as dúas estruturas situarase as comunicacións e a entrada principal. As obras rematarán en marzo.

## Novo equipamento na Aula CEMIT

A aula CeMIT conta con novo equipamento composto de 22 ordenadores, 10 tablets, un trípode con anel de luz, unha webcam e unha pantalla de croma.

Estes novos equipos chegan a través da Amtega a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, subvencionados nun 60% con fondos europeos e servirán para reforzar os cursos de formación que se imparten durante todo o ano de maneira gratuíta.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, sinala que esta ampliación permite seguir mellorando a aula CeMIT de Guitiriz e adaptalo ás novas necesidades que van xurdindo e, sobre



todo, ás novas capacitacións que se ofrecen a través destas aulas. Morandeira anima a veciñanza para participar e a facer uso da aula de informática, “é un servizo moi im-

portante para conseguir unha transformación dixital inclusiva, principalmente naquelas franxas de idades que non están tan familiarizadas co uso das novas tecnoloxías”.

### AXENDA

**OS VILARES.** Os días 20 e 21 de xaneiro darán comezo nos Vilares as festas na honra de San Vicente. Os actos iniciaranse o sábado coa celebración da misa ás 13.30 horas, seguida da procesión e a sesión vermú, que estará amenizada polo grupo Fénix. Pola noite, haberá verbena con este mesmo grupo e a orquestra Fania Blanco Show. O domingo 21, volverá o oficio relixioso ás 13.45 horas, coa procesión e a sesión vermú de novo co grupo Fénix, coa que se dará rematada a festa. A organización lembra que haberá carpa cuberta e unha colchoneta para os nenos gratis nas dúas sesións vermú.

**BAILE.** O Concello oferta clases de baile para persoas maiores de 50 anos. Estas darán comezo o martes, 16 de xaneiro, e celebraranse todos os martes e os xoves ás 18.00 horas no ximnasio do IES Poeta Díaz Castro a partir de esa data e ata novo aviso. Os interesados en participar nestas sesións formativas poderán anotarse ata completar aforo ou ata o 31 de xaneiro. O prezo da inscrición varía entre os 15 e os 17 euros por persoa. As consultas e inscricións poden facerse de xeito presencial na casa do concello ou ben a través da sede electrónica municipal ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)).

## Parga reclama a creación dun Consello Económico

A Asociación de veciños e veciñas do Campo da Feira de Parga vén de presentar unha nova petición ao Pleno de Guitiriz na que reclama a creación do Consello Económico e Social Municipal, de carácter consultivo do Goberno Municipal, en materia socioeconómica e laboral. “Entendemos que a composición, función, órganos, organización representadas e expertos, así como o seu funcionamento deberá ser regulada en base a un documento que deberá aprobar o Pleno Municipal para cuxa elaboración e redacción nos brindamos a participar e colaborar como asociación implicada no tecido económico e social”,

explica o escrito.

O colectivo espera que os tres grupos con representación “teñan a ben dar curso a esta solicitude, por que ademais de cumprir cun requirimento constitucional, permitiría, dar participación e recoller as aportacións que o tecido asociativo do noso Concello levaría a cabo en dito órgano”, engaden.

A asociación explica que durante a pasada campaña electoral a asociación fixo unha serie de propostas e peticións ás tres candidaturas polo que, “retomando aquela proposta, reiteran a argumentación cun escrito aos tres partidos políticos.

## Olalla Prieto e María García gañaron a IV edición de ‘Recetas de outono con poesía’

Olalla Prieto Soto, na categoría infantil, e María García, en categoría adulto, son as persoas gañadoras da cuarta edición da actividade Recetas de outono con poesía, organizada polo Concello a través da Biblioteca e o servizo de Educación Familiar.

Olalla Prieto presentou a receita *Tartaletas de noces* e o poema *Receta para cociñar en outono en familia*, mentres que María García alzouse gañadora coa receita *Agarimo de marmelo aos tres sabores con castañas* e o poema *Raíces*.

A receita/poema gañadora en cada categoría recibirá un agasallo, que será entregado na Casa Habanera.



**TORNEO DE PARCHÍS.** A Casa Habanera acolleu o I Torneo de Parchís, no que participaron 32 persoas, con idades comprendidas entre os 7 e os 80 anos. Un total de 12 participantes disputaron a fase final, na que se proclamou vencedor Jorge. Acompañárono no podio Borja López, Noel López e Otilia Varela. O Concello de Guitiriz felicitou a todas as persoas participantes, nunha primeira edición exitosa no número de xogadores.



# “Atopeime cunha mocidade con ganas de facer cousas novas”

Alfonso Blanco Torrado, crego en Guitiriz, é o fundador de Xermolos

Alfonso Blanco Torrado, crego en Guitiriz, é o fundador e coordinador da asociación Xermolos así como un dos promotores do festival de Pardiñas. Falamos con el da súa historia, dos seus proxectos e de como ve o futuro.

**Cando era pequeno pasou de vivir na cidade de Montevideo ao rural galego. Como foi ese cambio?**

Pois o cambio non o recordo moito porque eu tiña catro anos, pero a proxección coa que vivín os anos do ensino alí na escola, nunha aldea de Ponteceso, si que me marcaron moito, sobre todo a fala. Ir descubrindo pouco a pouco a importancia de que somos un pobo cunha cultura, unha fala e uns símbolos que nos diferencian doutros pobos e concretamente de onde eu viña, da capital de Montevideo.

**Como repercutiu iso no seu futuro?**

Axudoume a valorar máis a identidade do noso pobo. Logo fun para o Seminario e por desgraza non se apreciaba a importancia desta identidade, pero eu tiven a fortuna de atoparme alí, moi novo, aos catorce ou quince anos, con Manuel Espiña, que daquela estaba totalmente entregado na tradución ao galego dos Evanxeos. Creamos amizade entre os dous e mesmo participei na corrección das probas para imprenta e para a tradución. Ao pé del foi un pouco onde seguí descubriendo a inmensidade da nosa cultura e da nosa fala.

**Como foron os primeiros anos en Guitiriz?**

Ben, houbo de todo, o bispo mandoume para aquí e quedei contento. Barallou antes destinarme en Abadín polo que estaba destinado a Terra Chá. Unha vez en Guitiriz tiven a fortuna de atoparme cunha mocidade con ganas de facer cousas novas e de cambiar o xeito de facer algunhas cousas, de crear comunidade, de facer pobo e xa dende os primeiros días que cheguei alí comencei a colaborar e traballar con eles ata que fundamos a asociación Xermolos e despois dentro de Xermolos o festi-

val de Pardiñas.

**Cal é a finalidade da asociación?**

Pois nace un pouco para que a xente tomase conciencia de que a mocidade tiña algo que dicir. Había como unha minusvaloración da capacidade da mocidade, parecía que había que ser adultos para poder facer algo ou para que te tiveran en conta. Fundar unha asociación xuvenil foi algo difícil, custounos e tivemos problemas, atrancos, denuncias porque a xente, sobre todo xente que estaba noutras asociacións da vila, pois non

**“Pardiñas é froito dun voluntariado enorme, non só de Guitiriz, senón de toda a Terra Chá e limítrofes”**

entendía que a mocidade puidese ter palabra, iniciativa, creatividade e que tiñamos que tela en conta. Xermolos era unha plataforma para dar vida á mocidade nas nosas poboacións rurais, para promover a súa participación na cultura, nas festas da vila e da parroquia e para darlle a importancia que ten a mocidade achegando o seu xeito de ser e a súa creatividade.

**Que significa para vostede esa vinculación e traballo coa mocidade?**

Leveina moi ben, porque para min esa idade ten unha paixón, un en-

tusiasmo e ten unha emoción que nos axuda a todos e que temos que contaxiar. Sigo traballando coa mocidade, agora cústame máis polas miñas dificultades físicas pero para min segue sendo fundamental o seu papel na poboación e penso que temos que escoitar ás mozas e aos mozos e ter en conta as súas iniciativas. Ás veces cústanos pero penso que é fundamental e necesario, non fai falla chegar a adultos para aportar. Por exemplo, no certame Terra Chá de debuxo e literatura infantil no que participan nenos e nenas de todo o país é realmente unha fortuna o que transmiten, os sentimentos, as emocións, as iniciativas, os feitos e penso que xa nesas idades temos que contar con elas e eles e escoitalos.

**Cal é a primeira idea detrás de Pardiñas?**

Nós votabamos de menos nas festas daquela que non se tivese en conta a nosa música, que non se tivese en conta a nosa cultura. Pardiñas non é só música, é unha festa da música e das artes e contamos con exposición de pintura, escultura, fotografía, ademais da mostra de artesanía. Tamén contamos coa mostra de artesanías de instrumentos grazas á Asociación de Gaiteiras e Gaiteiros de Galicia, a primeira que se celebra na península xa fai máis de trinta anos. O que queremos é ter presente unha festa onde poidamos gozar de todas as artes e tamén en colaboración coas artes e as músicas de todos os pobos. E logo que sexan tamén protagonistas todas as idades, para min e para nós



Pardiñas é unha familia e é importante a presenza de todas as idades, porque todas teñen esa paixón para achegar o que saben e o que están a crear. A través do festival pensamos que estamos mellorando o mundo e sobre todo que estamos incrementando as nosas artes, a nosa cultura e a nosa calidade de vida en Galicia.

**Como foi a acollida?**

**“A mocidade actual ten prendida a súa vida dunhas plataformas dixitais que nós non tivemos”**

Ao principio custou un pouco, a mocidade entregouse, pero custou porque para a xente era difícil acoller a poboación doutras etnias, doutros grupos e custou acollelos, sobre todo as acampadas. Hoxe a aldea e a comarca acolle con agrarimo a poboación de moitos países que comparte con nós o festival de Pardiñas. Hai xente que está aquí máis dunha semana acampados e hoxe todo o mundo é consciente de que esa convivencia é un enriquecemento pero ao principio non foi fácil. Daquelas tamén era unha novidade, actualmente hai moitos festivais, case un en cada vila pero daquela Pardiñas foi un dos primeiros de Galicia.

**Como ve o futuro do festival e da asociación?**

Ben, porque vexo que a xente máis nova tira por nós. Por exemplo, Pardiñas é froito dun voluntariado enorme onde mozas e mozos xa adolescentes e mesmo da infancia algunhas e algúns queren colaborar, non só de Guitiriz senón de toda a Terra Chá e das nosas comarcas co-

lindantes. Moita xente quere colaborar, entón vexo futuro, creo nel e penso que imos polo bo camiño, porque mentres esteamos enraizado no noso pobo a través da fala, das artes e da cultura teremos futuro. Tamén temos que ir creando futuro, novos eidos, novas tarefas e escoitando a voz do noso pobo que merece a nosa entrega e a nosa colaboración. Véxolle moito futuro á asociación de base e aos colectivos do rural.

**Como ve a vinculación entre mocidade e rural? Como está a situación no rural para a mocidade?**

Penso que a mocidade actual ten un futuro complicado porque, aínda que tamén ten as súas vantaxes, ten prendida a súa vida dunhas plataformas dixitais na man, no corazón e na memoria que nós non tivemos. Eles viven con elas, entón viven ao instante o que acontece máis aló do Atlántico e iso hai que telo en conta. Pero por exemplo eu este ano estiven no colexio de Parga para transmitirles este orgullo de ter a fortuna de vivir nunha aldea, no rural, e estou indo a varios lugares e espazos onde están reivindicando para a mocidade a riqueza de vivir no rural e penso que o acollen moi ben e que están axudando a que as nosas aldeas medren neste patrimonio que conservan. Realmente, a nosa fala témola tan viva grazas ás aldeas e ao noso patrimonio, igual grazas tamén ao rural, entón elas e eles comprenden e entenden iso. O que temos que facer é o esforzo todas e todos de contaxialos con eses bens e con eses dons. Temos que recoñecer ese patrimonio, eu penso que é unha lotería que nos tocou poder vivir no rural, porque transmitenos saúde, e o que temos é que crear vencellos e seguir contaxiando e transmitíndoos nos á xente nova que está disposta a acollelo.



**A Lareira**  
Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842

**TAHONA CURRÁS**

ROSEÓN DE PASCUA

¡ Haz tus encargos ! San Roque 3. 982510062  
Novo Cazón 12. 620417383 ¡ Felices fiestas !



muras

## O Pleno de Muras logra ao cuarto intento aprobar o soldo do alcalde

Fixo falta un cuarto intento para lograr que o Pleno de Muras aprobase as retribucións dos cargos públicos. A abstención do PSOE neste cuarto intento permitiu que o alcalde, que ten unha dedicación parcial puidese cobrar o seu salario, que non percibe desde hai seis meses.

Este punto levaba enquistado desde a formación do Goberno, no mes de xuño, e non foi aprobado pola negativa da única concelleira socialista, que decidiu, contrariamente ao que fixo o seu antecesor, Mario Rouco, non entrar no Goberno e pasar á oposición.

Así, queda aprobada unha retribución parcial do 75% para o alcalde, cun soldo de 34.000 euros, a mes-

ma cantidade que se presentou na primeira sesión e ante a que votou en contra o PSOE e o PP. A concelleira socialista alegou estar na obriga de cambiar o seu voto pero os populares mantiveron a súa negativa. O Concello de Muras conta actualmente con sete concelleiros, tres son do BNG, a lista máis votada, 3 do PP e 1 de PSOE. Este mesmo reparto levaba xa dúas lexislaturas pero agora a falta de entendemento entre as forzas de esquerdas levou a unha situación de bloqueo. A primeira parada foi a remuneración do alcalde. A súa aprobación foi levada a pleno en tres ocasións e non logrou saír adiante malia as modificacións propostas por Requeijo.

Foron moitas as voces que se alza-

ron en contra deste “desgoverno”, algunhas delas afines ao partido da rosa, que non vían con bos ollos “este bloqueo que o único que fai e traer consecuencias para os veciños”, relatan algúns. A falta de acordo e as desavenencias entre os socialistas foron a consecuencia desta situación, que impediu varios avances nestes primeiros meses.

No Pleno non se aprobou a elección do xuíz de paz, do que se encargará o Tribunal Superior de Xustiza debido a unha coincidencia familiar entre os candidatos. Tamén se aprobou a conta xeral do 2022 e unha moción dos nacionalistas que pedía un convenio de transición xusta para As Pontes e que tamén contou coa abstención do PSOE.

## Científicos confirman irregularidades na autorización da mina de San Acisclo

A solicitude do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, o Consello Científico do Comité Español do Programa MaB realizou un Informe Puntual relativo á incidencia dun proxecto de explotación mineira na Reserva da Biosfera de Terras do Miño (Proxecto Mineiro San Acisclo) no que se constatan varias irregularidades, segundo asegura o SLG-CCLL. Entre elas, destacan “pola súa gravidade” a confirmación de que non hai constancia de que o Proxecto de explotación: CE ampliación a San Acisclo e plan de restauración CE ampliación a San Acisclo fose sometido a un proceso de avaliación de impacto ambiental, a pesares de

que, como recalca este órgano, o proxecto inclúe unha área de afección de 61.215m2 nunha zona tampón dunha Reserva de Biosfera. Engaden que o contido do Proxecto de explotación C.E. Ampliación a San Acisclo. Muras. Julio de 2020 [Feldespatos], mostra importantes deficiencias en relación coa caracterización e valoración dos compoñentes naturais que inciden na valoración das posibles afeccións. A valoración dos posibles impactos derivados dun proxecto mineiro debería realizarse sobre datos obxectivos e contrastables, así como cunha metodoloxía de avaliación adecuada. As apreciacións e valoracións persoais teñen

pouco rigor, máis aínda cando entran en contradición cos datos publicados no ámbito científico.

Conclúese que o plan de restauración debería reformularse completamente e adaptarse aos criterios fixados na Estratexia Nacional de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, e no borrador da Estratexia Galega en proceso de aprobación.

O SLG remata dicindo que estas conclusións van na liña tamén da resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, “que acordou acoller a pretensión da asociación Petón do Lobo de suspender a execución da resolución da Xunta.

abadín

## Completan varias obras

O Concello de Abadín rematou varias obras en diferentes puntos do termo municipal.

Así, finalizou a captación dun novo manancial para o depósito de Labrada por unha banda. No relativo a camiños, tamén se repararon as cunetas, a rúa e o aparcadoiro do Concello.

Debido aos temporais tamén houbo varios desprendementos, que foron reparados. Finalmente, tamén se fixo o acondicionamento con aglomerado asfáltico da pista do Batán en Aldixe.

Dentro da localidade, tamén se finalizou a obra de acondicionamento



do pavillón municipal con formigón, tamén se fixo a instalación do aseo adaptado. Estas modificacións tiñan un orzamento de 29.499,80 euros.



## Novo vehículo para servizos á dependencia

O Concello de Abadín recibiu a entrega dun vehículo adaptado para a Concellería de Benestar Social co obxectivo de prestar servizo ás persoas maiores e dependentes.

Este vehículo forma parte da axudas destinadas a concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para a adquisición de vehículos que faciliten a prestación de servizos destinados a persoas maio-

res, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Nestas axudas recóllese como subvencionable, como máximo, un vehículo por concello e o importe da axuda poderá ser de ata o 100 % do custo do vehículo, cun límite máximo de 40.000 euros.

## Convocan un curso de coidados compartidos

O Concello de Abadín acollerá no mes de xaneiro a actividade *Coidados compartidos: curso formativo para persoas coidadoras de persoas cunha demencia neuroexenativa*.

O curso ten unha duración de 8 horas, divididas en 2 sesións que se desenvolverán en horario de tarde. Serán os días 10 e 17 de xaneiro de 2024 e celebraranse no salón de actos municipal en horario de 16.00 a 20.00 horas.

Trátase dunha formación incluída no proxecto Coidados com-

partidos, que será impartida por Afalu (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras neurodexenerativas de Lugo). Para o seu desenvolvemento en Abadín conta coa colaboración do Concello.

O curso está dirixido a persoas coidadoras que sexan familiares de maiores e/ou persoas con demencia e ten dispoñibles un máximo de 25 prazas. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse nos teléfonos 982 50 80 21. O prazo remata o día 5 de xaneiro de 2024.

**Rebaixas ata o 3 de marzo**

**Descontos desde un 15% en artigos de exposición**

**MOBELRIAS**

**PLAmoble** Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



# Abadín

## O PSOE, único partido na oposición, e dirixido por Pablo Díaz, obtivo o 47,05% dos votos nos comicios

### DATOS

**HABITANTES:** 2.490.

**PARROQUIAS:** 19.

**EXTENSIÓN:** 196 km cadrados.

**PARTIDO XUDICIAL:** Mondoñedo

**CORPORACIÓN:** 6 concelleiros do PP e 5 do PSOE

**ALCALDE:** José María Rancaño (Partido Popular)

Abadín é hoxe en día un dos concellos bipartidistas da provincia, xa que o Partido Popular gobernará estes castro anos co 51,18% dos votos e o PSOE, en crecemento nas últimas lexislaturas, acadou nas últimas o 47,05%.

Á fronte do mesmo está Pablo Díaz, que se presentou por primeira vez no ano 2007 como parte da lista, que lidera desde 2011. A súa meta é lograr que o seu partido governe por primeira vez os destinos de Abadín. Pero os comezos de Pablo Díaz na política remóntase ao ano 2004, cando o seu pai, Secundino Díaz, logrou representación para o PSOE cun concelleiro. "Aí foi cando comecei a axudarlle no seu labor de facer boletíns para informar á xente". A carreira de Pablo Díaz é fulgurante xa que pasou de ter no 2011 un concelleiro aos 5 que ten actualmente, quedando nestas eleccións a 60 votos do triunfo.

Para Pablo Díaz, o papel da oposición no Concello é claro: "Escoitar aos veciños, facer valer a súa voz, propoñer propostas para mellorar a calidade de vida dos veciños e intentar darlle solucións ás inxustizas que se cometen por parte da Alcaldía, así como controlar e fiscalizar o labor o alcalde".

No seu programa figuran varios puntos clave, como son a construción dunha residencia, abastecemento de auga a todas as parroquias, facer un polígono industrial ou as concentracións parcelarias.

Para Pablo Díaz, o maior dos beneficios do seu labor na oposición é "a satisfacción de poder axudar aos meus veciños e veciñas", pero tamén



conta que hai moitos sacrificios, que resume como "moito traballo e tempo, é un sacrificio a nivel persoal, laboral, familiar, en todos os ámbitos". **Vostede representa o PSOE da localidade, como axuda o seu partido a mellorar a vida na vila?**

O PSdeG-PSOE axuda en practicamente todo o que se fai no Concello. Para empezar o centro médico do concello, o cal foi feito polo goberno socialista de Felipe González e que na actualidade está sufrindo graves recortes de persoal sanitario que están afectando a todos os veciños. O Plan Deputación, artigo Plan Único polo cal se fixeron innumerables obras, como o parque infantil na área recreativa da Róxica de Gontán, traídas de auga, compra de parcelas, os contedores da lixo, moitos aglomerados de pistas, SAF, etc. E recentemente, cos fondos europeos Next Generation do Goberno de España, teremos Internet de alta velocidade grazas ao goberno de Pedro Sánchez, acabamos de adquirir un vehículo de máis de 40.000 euros para prestar servizos a persoas dependentes ou persoas con discapacidade, tamén nos beneficiamos do plan de accesibilidade para o acondicionamento do acceso ao pavillón municipal. Outra obra foi a creación da área recreativa da Roxica en Gontán, feita tamén polo goberno socialista. **Cales son os seus obxectivos a nivel político?**

Quitar a Abadín da decadencia que sofre por mor de políticas de máis

de 40 anos de goberno do PP en Abadín, creando un polígono industrial para asentar poboación, unha residencia, cuxa proposta levamos a Pleno e sempre foi rexeitada polo PP, e a data de hoxe non sabemos nada, todo son largas, segundo alcalde xa tiña que estar rematada en xullo do 2022. Tamén queremos promocionar os nosos produtos, as nosas feiras, impulsar concentracións parcelarias ou figuras similares para que a xente moza poida ter futuro no sector primario.

**Podería explicarnos as condicións laborais e económicas que ten un representante municipal?**

A situación económica é moi difícil. Na lexislatura 2019-2023, o alcalde quitounos a asignación económica por grupo político. Os cartos eran para facer boletíns e informar á xente da realidade que pasa en Abadín, nesta lexislatura volveu quitar a asignación económica por grupo político, é unha maneira de facernos calar. Referente á nosa asignación por asistencia aos plenos agora tarda moitos meses en pagar ou paga uns e os anteriores non, cando as xuntas de Goberno dos concelleiros do PP, que son máis numerosas, están o día. É unha maneira de castigarnos xa que cando tiñamos un ou dous concelleiros pagaba ao día.

**Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?**

Hai que facer políticas para asentar poboación e que así medre o concello facendo actuacións que asenten e

traian xente ao noso concello, un polígono industrial, facer dunha vez por todas a residencia de maiores, tan demandada e necesaria para os veciños dende fai tantos anos, facer concentracións parcelarias ou figuras similares, potenciar os nosos produtos a nosa gandaría, as nosas feiras. Estas medidas axudarán a mellorar os servizos básicos do noso concello, que están nunha grave situación, como son os médicos, pediatras, etc. **Como son as relacións co equipo de Goberno?**

Nulas, non existen. O alcalde goberna todo por decreto, sen comunicación algunha, non facilita ningún tipo de información, non hai transparencia ningunha. Por exemplo, solicitamos información de partidas de gastos diversos por diferentes cantidades, algunha de 12.000 euros en varias ocasións, non obtivemos resposta algunha, tampouco temos acceso ás actas dende que tomou posesión o novo Secretario en outubro de 2022 das xuntas de Goberno, nin acceso a ningún tipo de facturas, aos informes de reparos de legalidade do secretario por gratificacións, omisión dos procesos de contratación de obras de persoal para traballar no concello, gratificacións, etc... Solicitamos documentación hai máis dun ano sen contestación algunha, tendo que acudir a cotío ao Valedor do Pobo, o cal xa o requeriu en varias ocasións pero sen resultado algún. En definitiva, estamos nunha auténtica ditadura.

**"O maior beneficio é a satisfacción de poder axudar aos meus veciños e veciñas"**

**FP** **Ferretería Puentes, S.L.**



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115  
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503

VILALBA - LUGO  
fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:  
**cenor**  
electrodomesticos



Grupo Alcongal

**las rías**



# “Tento saltar todas as barreiras que se me poñen no camiño”

María Lombao Perez é a autora do libro ‘Mi vida sobre rodas’ un proxecto co que busca sensibilizar a sociedade a través da súa propia historia

## Porqué decide escribir este libro?

A idea de escribir o libre xurde xa que na actualidade aínda que a sociedade sabe o que é a discapacidade non sabe o que é de portas para dentro, como se sente un cando o vive na propia pel. Por iso decidín escribir este libro, para que todo o mundo poda ser consciente do que as persoas con discapacidade pasamos e do que sentimos.

## Que historia podemos atopar en ‘Mi vida sobre rodas’?

Eu conto a miña historia, a miña vida e as trabas que atopei ao longo do camiño, todo o que superei e como fixen para superalo. Por exemplo durante a miña etapa escolar, toda as cuidadoras que me acompañaron correron a cargo dos meus pais, cando é algo do que a administración se ten que facer cargo ou as diferentes barreiras arquitectónicas que atopei cando cheguei ao colexio.

## Como é todo o proceso para levalo a cabo?

No ano 2015 xa tiña a idea de escribir o libro, pero estaba rematando o bacharelato e despois fixen un ciclo e as prácticas e non tiña demasiado tempo. Cando rematei os estudos e contaba con máis tempo comecei a dedicarllo a escritura do libro. Para min o máis difícil de realizar foi o prólogo, despois hai capítulos que foron máis sinxelos e outros que foron máis duros. En total foron dous anos de traballo para sacar adiante este proxecto.

## Onde o podemos atopar?

Actualmente está publicado e dispoñible de maneira en liña, a min gustárame que saíse en formato físico pero a editorial na que eu quería publicar dábame largas polo que finalmente optei por publicalo en dixital. De todas formas se alguén ten algunha dificultade para ler de maneira

dixital ou non ten acceso pódese por en contacto comigo e fágollo chegar de maneira física.

## Con que momentos deste proceso desfrutou máis?

Desfrutei de moitas etapas pero o que máis foi a escritura do capítulo dez, ‘os meus momentos de pracer’. Isto desfruteino moito porque recorda os meus momentos de lecer e onde máis feliz fun. Pero a verdade é que me gustou moito todo o proceso en xeral de levar a cabo o libro.

## Que busca aportar coa escritura deste libro?

A min gustárame sensibilizar un pouco máis a sociedade, é verdade que as cousas melloraron moito, pero aínda nos queda moito traballo que facer porque moita xente segue mirándonos con pena. Transmitir a idea de que somos persoas normais, con sentimentos e que tamén queremos atopar un traballo cunhas condicións



dignas, que na actualidade, isto segue a ser moi difícil. E tamén quería facer ver que si que se pode, con ganas, esforzo e co apoio da xente que te quere. No meu caso se non fose polos meus pais e todas as persoas que me axudaron ao longo da miña vida non estaría agora aquí.

## Como recibiu o seu entorno a noti-

## cia de que ía escribir un libro?

Moi ben, acollérono moi ben, eu penso que con ter as ideas claras e saber como plasmalas é suficiente. Eu a través deste libro intento saltar todas as barreiras que se me poñen no camiño, e intento facer ver que aínda que a vida é dura sempre hai algo que che quita un sorriso.

## CONCURSO DE DECORACIÓN



Outeiro de Rei escolleu aos gañadores da segunda edición do concurso de decoración de Nadal en fachadas e xardíns. O xurado elixiu, como dicían as bases, dúas decoracións para o primeiro premio, que equivale a cen euros. Son Manuel Cobas Gómez e Abel Vélez Lozano. O segundo, con premio de 75 euros, foi para os deseños de Marcos Carballeiro Domínguez e Nuria Rodríguez Sear. O terceiro, dotado con 50 euros, correspondeu a Alba Sánchez Arias e a Francisca Prieto López. Os gañadores recibirán os seus agasallos no acto de entrega.

## Supervisan a obra das piscinas, realizada con fondos do Plan Hurbe

A Xunta avanza no apoio aos concellos para urbanizar e humanizar as vilas e núcleos rurais a través de actuacións como as enmarcadas no Plan Hurbe, que para o ano 2024 conta cun orzamento de 8 millóns de euros. Así o destacou a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, nunha visita ás obras de mellora que se están a realizar no concello de Outeiro de Rei por importe de 1,1 millóns de euros.

O proxecto que visitou Ángeles Vázquez é un exemplo destes traballos de desenvolvemento dos espazos municipais ao permitir a creación dunha nova área de ocio nunha parcela de preto de 2.700 metros cadrados de superficie, na zona de Santa Isabel, ao carón do río Miño. Nel a Xunta inviste 770.000 euros e o concello os 330.000 euros restantes.

As obras que se están a realizar inclúen a instalación de dúas piscinas -unha de uso infantil e outra para adultos-, unha zona destinada a usos complementarios con aseos vestuarios e área de enfermaría, un edificio polivalente que albergará unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños así como un centro de BTT cunha zona de taller para reparar bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos.

A vicepresidenta puxo en valor que o Plan Hurbe impulsa o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais en clave de sustentabilidade económica, medioambiental e social, contribúe a mellorar os equipamentos e dotacións -incrementando o atractivo das vilas, núcleos rurais e a calidade de vida dos seus veciños-, fomenta a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico.

## A vila contará con CIM grazas a unha proposta do BNG

O grupo municipal do BNG de Outeiro de Rei conseguiu no último pleno a unanimidade para a creación dun Centro de Información á Muller no Concello.

Así, a sesión plenaria aprobou no súa totalidade iniciar o proceso para dotar á poboación de Outeiro de Rei dun CIM, dando un prazo de 2 anos para dispoñer dun local e para obter o financiamento necesario.

Elvira Lombao, concelleira do BNG en Outeiro de Rei, defendeu a importancia deste tipo de centros que “garanten o fomento da igualdade e a prestación dun servizo de información ás mulleres, proporcionando asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre recursos, así como de calquera outra actividade que teña por obxecto a promoción dunha sociedade xusta e igual”.

**REBAIXAS**  
**TEXAS**  
MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

**Novas oficinas:**  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

**ALÉN**



## outeiro de rei

# A casa museo de Manuel María fai balance, no seu décimo aniversario

No ano 2023 fixéronse 10 anos da apertura da Casa-Museo Manuel María. Foi un 7 de setembro de 2013 cando este equipamento cultural abriu as súas portas ao público, despois de que a Fundación que leva o nome do escritor adquirise a súa casa natal e a acondicionase para a nova función. “Este 2023 foi un feliz aniversario pois o nivel de actividade e a diversidade de públicos aos que chegamos xa é moi importante” declarou Alberte Ansele, persoa que asumiu a presidencia da entidade despois do falecemento de Saleta Goi, viúva do escritor, no ano 2022. Tamén engadiu que no ano 2023 se puxo especialmente de manifesto a solidez e consolidación do traballo da entidade, tanto no referido ás visitas á Casa-Museo como no sentido de “termos construído un público fiel que frecuenta as nosas actividades e para quen somos un referente cultural de primeira orde”, sentenciando, ademais, que “parece que sempre estiveramos aí pois xa formamos parte indiscutíbel da paisaxe cultural da contorna, e máis aló dela”.

O conxunto desta actividade contou co apoio da Deputación de Lugo. Para trasladar publicamente ese balance anual, a Casa-Museo apoiouse nun pequeno audiovisual que escolma o traballo feito.

Na valoración do sucedido no 2023 destaca en primeiro lugar o importante incremento das visitas á Casa-Museo tanto das familias como, sobre todo, dos centros escolares de toda Galiza aínda que con predominancia de Lugo e da Coruña.

Non menos destacábel é a amplitude das actividades culturais desenvolvidas, sostendo unha progra-



mación regular todos os sábados con gran diversidade de propostas: música, cine, teatro, narración oral, poesía, certames escolares, outros certames artísticas de música e teatro, clubs de lectura, presentación de libros... Esta diversidade de propostas arriqueceu a diversidade de públicos e a súa amplitude, quer no tramo de persoas adultas, quer no infantil-xuvenil.

**MÚSICA.** No ámbito da música o público puido desfrutar de estilos tan diferentes como os representados por Paraíso Canto, Zurrumalla, De Ninguens, Minguante, Faia Díaz e Benxamín Otero, o fado de Iria Estévez, Zumaque, Nimbos, Verónica Codesal con 100 voltas, Son de Corda, Berlai, Paco Nogueiras, Brais das Hortas ou Pakolas. Tamén dentro do ámbito musical destacou a celebración dunha nova edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais para música lírica, que nesta edición foi para composicións de soprano e piano.

A narración oral tamén tivo o seu protagonismo coa participación destacada de Quico Cadaval, María de Pontragha, Bea Campos, Ángeles

Goás ou Paco Campos.

Igualmente incrementouse a presenza do audiovisual, desde a proxección dos filmes e documentarios como “Julia”, “Arredor da Roda”, “Ronsel de futuro: historias soterradas” ou a realización dun capítulo de “Desertores do asfalto” da TVG.

Un ano máis, e superado o intervalo da pandemia, os concursos escolares de recitado Rosalía, sempre viva e de realización de videopoemas volveron a recuperar todo o seu esplendor, acadando cifras récord de concurrencia.

No ámbito teatral, ademais da actuación de grupos con longa traxectoria, o máis salientábel foi o comezo da xira por máis de 40 concellos galegos da obra *O Auto do Castromil*, sobre un texto de Manuel María.

Pola súa parte, o Convivio da Cultura Galega, romaría popular que chegou á súa décima edición, tamén superou a xa importante participación de anos anteriores e consolidouse como unha referencia dentro do rico panorama deste tipo de eventos na Terra Chá.

Non faltaron tampouco a presentación de traballos literarios e de divulgación.

## riotorto

# Licitadas as obras de rehabilitación do colexio

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades licita as obras de rehabilitación do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Riotorto, ás que destina un orzamento de 530.000 euros e un prazo máximo de execución de cinco meses.

As intervencións para incrementar a eficiencia enerxética comprenden o illamento da fachada con sistema tipo SATE, a substitución da caldeira de gasóleo por unha de biomasa, e a renovación das carpintarías da planta baixa (persianas e caixas de persianas) para reducir a permeabilidade do aire.

Así mesmo, no interior vanse instalar luminarias LED con regulación lumínica en aulas e detectores de presenza en zonas comúns e aseos, e colocaranse falsos teitos con illa-

mento acústico en distintas dependencias, entre outras medidas.

Tamén se acometerán outras tarefas, como a substitución do lucernario de policarbonato ondulado que se atopa entre o colexio e o polideportivo por un de policarbonato compacto, a reparación de zonas puntuais da cuberta e do revestimento das paredes, ou o cambio dos canlóns e baixantes de augas pluviais, que se unirán ao saneamento existente.

Sobre o beirado que rodea as dúas plantas de todo o colexio existe un paramento vertical ao que se lle dará un tratamento similar ao do resto da fachada pero sen incluír o illamento.

O proxecto tamén prevé o pintado interior do centro e a eliminación dunha porta na sala de máquinas.

## LOTERÍA DE NADAL



O último quinto premio en saír da Lotería de Nadal, o 37.038, foi vendido en Riotorto, nas Ródrigas, onde se repartiron preto de 11 millóns de euros, con participacións premiadas con 6.000 euros. Foi unha chuvia de agraciados porque repartíuse por todo o pobo, incluso o alcalde foi un dos afortunados. De feito, repartíronse máis participacións que veciños. Vendeuse tamén moito en para o Niño, pero non se repetiu a sorte.

## EN BREVE

**POSTAIS.** A gañadora do concurso de postais foi Adriana Rouco Marqués, de 5 curso. Esta postal foi utilizada para felicitar o Nadal aos veciños e veciñas do municipio. Ademais, na categoría de I, para nenos de 1º a 3º de Primaria, os premios foron para Pablo Hernandez González (2ºA), Ainhoa Pérez Méndez (1ºB) e Daniela Corujo Fojón (3ºA). Tamén houbo un accésit para Daniela Corujo Fojón (3ºB) e Manuel López Gil (2ºA Primaria). Na categoría II, para o segundo ciclo de Primaria, o segundo e terceiro premios foron para Juan David Barreiro Gómez (6ºA) e Iago Río Pernas (4ºB). Tamén se deron accésit a Roi Bartolomé Gómez (5ºA) e Norah Santos Redondo (4ºB).

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p><b>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</b></p> <p><b>FISIOTERAPIA</b> Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p><b>TRATAMIENTOS</b> Accidentes de tráfico Lesiones Deportivas Neurológico Traumatológico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
---	--

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
[info@boasmans.com](mailto:info@boasmans.com)

**ZAFIRO TOURS VILALBA**

**¡Es hora de pensar a donde te gustaría viajar en SEMANA SANTA o en tus VACACIONES!**

**RESERVA YA**

Rúa Campo do Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544



## Aprobado o orzamento, que sobe a 3,3 millóns

Un Pleno extraordinario en Begonte aprobou os orzamentos municipais, que ascenden ata os 3.337.438 euros, 300.000 máis que o ano anterior. Este incremento é debido ao incremento no capítulo de taxas e licenzas.

Un dos gastos principais para este concello volve o tema social, xa que o Servizo de Axuda no Fogar, o alugueiro social e a dependencia ocupan o 30% deste capítulo.

Pero tamén destacan en investimentos, a dotación de mobiliario á antiga escola do Castro, que vén de ser reformada para vivendas en alugueiro.

No capítulo de obras tamén destacan os 250.000 euros que se

destinarán ao acondicionamento da rede viaria municipal, para continuar co proceso iniciado nos últimos anos para utilizar aglomerado en quente. Tamén se investirá en mellorar o pavillón do CEIP Virxe do Corpiño, onde se cambiarán as baixantes, se pintará a pista e se dotará de equipamento deportivo. Tamén se traballará na contorna do colexio para finalizar as beirarrúas e aparcadoiros.

Así mesmo, investirase en dous grandes proxectos en marcha co patrocinio da Xunta de Galicia, por unha banda a construción do auditorio de Baamonde, e na nova escola infantil de 0 a 3 anos, na que se investirán 270.000 euros.

## O PP quéixase do estado das vías provinciais

O voceiro popular, Antonio Ameijide visitou Begonte xunto ao alcalde do municipio, Jose Ulla, para comprobar o "nefasto estado" no que se atopan moitas das vías provinciais ao seu paso por este municipio.

"O concello non é alleo á realidade que sofren a maioría dos municipios da provincia: contar cun nulo mantemento da rede de estradas provincial, o que provoca que o seu estado sexa, na maior parte dos casos, calamitoso, provocando

numerosas situacións de perigo para os condutores", dixo. Entres os exemplos de vías en mal estado neste municipio citan a LU-P-0801 Begonte-Veigas de Baltar; a LU-P-0802 Begonte-Santalla; a LU-P-0805 Carral-Teixeiro-Penablanca ou a LU-P-2303 Parga-Pedrafita-Santalla.

"En moitas destas vías comprobamos como a os condutores teñen que conducir pola beiravía polas numerosas fochancas", explicou.

## O Concello renovará e ampliará o pavillón deportivo de Baamonde

O Concello de Begonte está a piques de rematar o proxecto de reforma integral do pavillón de Baamonde. Este ten un orzamento de 1.388.646,78 euros e busca dar solución a diversos problemas que ofrece actualmente esta instalación, unha das máis utilizadas polos equipos deportivos locais.

Os traballos que se executarán consisten na mellora e ampliación da pista deportiva, que será de madei-

ra, poñendo solución á situación actual, xa que a pista é moi estreita e as zonas de bancos e de público están moi preto da de xogo. Completarase a actuación coa instalación dunha nova cuberta e un sistema de ventilación forzada, co obxectivo de evitar os problemas de condensación e de pingueiras que ultimamente están a obrigar a suspender adestramentos e partidos oficiais.

Destaca tamén a construción dunha

## José Manuel Peña Romay gaña o Certame de Arte do belén

O pintor lucense José Manuel Peña Romay, acadou o Premio do Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán, convocado pola entidade promotora do Belén de Begonte, dotado con 1.500 euros e estatuiña de Sargadelos, pola súa obra Praza Maior. Pola calidade do traballo, concedeuse Mención de Honra dotada con estatuiña de Sargadelos a Santiago Lago Canzobre, de Ferrol, pola súa obra Néboa no cantón.

Os premios serán entregados o 27 de xaneiro próximo, no decurso dos actos de clausura do Nadal en Begonte, que se celebrará no salón do Centro cultural convocante.

O xurado estivo formado por Sagarrio Sánchez Ramil, xefa territorial de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia; Sonia Varela García, Concelleira de Cultura de Begonte e directiva do Centro Cultural; Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo; Gonzalo Sánchez Folgueira -Zalo, pintor; e, como secretario sen voto, actuou Xulio Xiz, presidente.

**VISITA BELÉN.** Entre o 26 de decembro e o 1 de xaneiro, arredor de 7.000 persoas visitaron o belén de Begonte. Os días de maior afluencia, con arredor de 1.300 persoas foron o mércores 27 e o xoves 29; 1.000 houbo o 28 e o 30; preto de 900 o 31, e con arredor de 600 o 26 de decembro e o 1 de xaneiro. As viaxes colectivas supuxeron outras 350 persoas, co que o total desde



o 2 de decembro é de 20.175 persoas. Entre as últimas viaxes colectivas están as procedentes de

San Sadurniño, A Coruña, Castro Ribeiras de Lea, parroquia de S.Rosendo (A Coruña) e parroquia de Meira.

### CAMBIO DA XUNTA DIRECTIVA

Na asemblea de socios, procedeuse á renovación da Xunta directiva do Centro cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén de Begonte. A nova directiva está formada por un total de 15 persoas, presididas por Xulio Xiz Ramil. Luis Iglesias Carreira e Fernando Cabarcos Díaz son os dous vicepresidentes mentres que José Rodríguez Gómez ocupa o cargo de secretario. No grupo de vocais están Sonia Varela García (representante

do Concello), Sara Blanco Díaz, María Jesús Blanco Díaz e Lucía Góiz Castro, responsables de temas culturais. Tamén estará Julio Iglesias Corbelle como responsable de temas económicos e Sonia Vilsauso Braña para organización e relación cos socios.

En deseño, imaxe e proxección están Marta Luisa Silvarrey Casanova e Alberto Díaz Díaz e sobre o Belén e o Museo responsabilízase a Carlos Torres, Jesús Veiga Santiago e Ramiro Cruz Gómez.



hai agora resultan insuficientes cando se pretende programar partidos nun horario correlativo.

Esta será a primeira actuación que se acometerá, para pasar despois a demoler os vestiarios vellos e a re-

novar a pista e a cuberta no verán, co obxectivo de que a reforma estea terminada de fronte ao comezo da próxima tempada.

O obxectivo é sacar a licitación en próximas datas esta obra.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Tel: 982516150

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**  
Transformacións agrarias  
Desbroces y plantacións de montes  
Servicio de podas  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**  
SERVICIOS AGROFORESTALES



## Melloran accesos nas parroquias con orzamento autonómico

A Consellería do Medio Rural investirá 96.800 euros en dous proxectos que permitirán mellorar accesos aos núcleos do Alto, As Fontes e As Maciñeiras, no concello da Pastoriza.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e a directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, acompañados do alcalde das Pastoriza, Darío Cabaneiro, anunciaron que a Administración autonómica financiará as obras con cargo ao Plan de Infraestruturas Rurais (PIR) deste ano.

En canto aos traballos previstos, no núcleo do Alto rehabilitarase o pavimento coa extensión dunha capa de mestura asfáltica en quente ao longo de 871 metros dun camiño e un ramal.

Así mesmo, actuarase en algo máis de 2 quilómetros dunha vía de acceso aos lugares das Fontes e As Maciñeiras e nun ramal de 291 metros.



Neste caso, faranse as reparacións precisas no firme deteriorado e realízase un dobre tratamento superficial con grava en parte do treito.

De forma complementaria, en todos os casos limparanse as cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía, co fin de evitar que se produzan danos no pavimento dos

camiños.

O programa PIR, da Consellería do Medio Rural, destina en 2023 un millón de euros a financiar 18 proxectos que benefician a outros tantos concellos da provincia de Lugo. Todas as actuacións van orientadas á mellora da accesibilidade en núcleos de poboación.

## A Pastoriza súmase ao reto do British Museum

Cinco concellos lucenses veñen de sumarse ao reto lanzado ao British Museum con outros 269 municipios montañosos do ámbito nacional: sumar máis de 340.000 visitas, o mesmo que ten a galería londiniense.

A Asociación Española de Pobos de Montaña, esMontañas, que aglutina a 280 municipios montañosos españois, lanzou o reto *O meu pobo no British*, que formalizou mediante o remitido dunha carta ao director do British Museum. Na mesma, expoñen a Mark Jones converter os seus pobos en obxectos de museo se non conseguen superar os 340.000 visitantes en 30 días, que coincide co número de visitas que rexistrou en decembro de 2022 o museo británico e que utilizan como referencia para marcarse o obxectivo.

Os pobos de montaña galegos que

se sumaron á iniciativa son 5 da provincia de Lugo, A Fonsagrada, Cervantes, Negueira de Muíiz, Pastoriza e Pedrafita do Cebreiro.

Na carta que dirixen a Mark Jones, deixan claro que entenden “que moitos destes pobos están á altura da impresionante colección que atesoura o British Museum”. Como o pucho de Manzaneda ou os outros símbolos polos que lle preguntan na misiva: “Como cre que lucirían alí os excepcionais hórreos asturianos, as históricas batipueras de Candelario, a praza de Aínsa, as murallas e Morella ou as fontes de Montán?”. O alcalde deste municipio, aventura unha resposta: “Xa lle digo eu que non viú colección igual”.

Os pobos de montaña confían en “alcanzar nun mes as cifras de visitantes que obtén o terceiro museo máis visitado do mundo”.

## Denegado un parque eólico polo perigo que ten para o milano real

A Consellería de Medio Ambiente emitiu unha declaración de impacto ambiental desfavorable para o parque eólico de Graxón, no municipio da Pastoriza, impulsado por Greenalia Wind Power. O proxecto deste parque de 6,6 megawatts estaba composto por un aeroxerador e a súa infraestrutura asociada, cun orzamento de 5,5 millóns de euros. A resolución e recolle que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural identificou que a flora e fauna de hábitats naturais “veríanse directamente afectados” polo cableado. Especial atención préstase ao mila-

no real, especie en perigo de extinción, con “probabilidade elevada de chocar” contra a infraestrutura eólica, o que “tería consecuencias poboacións significativas”.

Respecto diso, Greenalia propoñía que, en caso de colisión, se reintroducirían exemplares criados en cativeiro ou procedentes dos centros de recuperación para compensar as mortes. Pola súa banda, Greenalia defendía o interese público superior do proxecto para levalo adiante e aseguraba que “non presenta efectos adversos importantes sobre o medio ambiente”.

## O Concello desbroza e repara varios camiños ademais doutras obras

O Concello da Pastoriza continúa a realizar distintas obras de mellora no termo municipal, “malia a mala climatoloxía”, que atrasan algúns dos traballos.

Así, persoal municipal está a traballar no desbroce de pistas de terra e posterior arranxo das mesmas. Para iso estase realizando unha limpeza das cunetas e das canais de drenaxe cubrindo os lugares onde estaba desnivelado. Outra das accións realizadas estes días pasa pola reparación do peche perimetral dos contedores en Bretoña, que se atopaban en mal estado. Foi reparado o mesmo para cubrir todos eles.

Así mesmo, o persoal acometeu dúas canais de drenaxe en Vián e



Saldanxe, que supoñían un perigo para condutores e peóns.

O Concello tamén se ocupou de repoñer a baixante do canalón na Casa do Concello, que estaba roto e vertía, así como se realizou unha

actuación no Castro de Saa.

Finalmente, persoal municipal tamén se ocupou de colocar, no campo de fútbol do Acebreiro e no acceso á piscina municipal, focos led.

# ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD ALGO PICAR  
PASTAS FRESCAS DE VERDAD CON SALSAS VARIADAS SABOREAR TORTILLAS  
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

ATA

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD  
PASTAS FRESCAS DE VERDAD CON SALSAS VARIADAS  
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

RAXO PATATAS  
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

RODECA

Asesoría Enerxética

## Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN

SUBVENCIONS

ILUMINACIÓN LED

CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA

INSTALACIÓN FOTVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



## Instalado en Castro Ribeiras de Lea un punto de recarga eléctrico

O Concello de Castro de Rei vén de instalar un punto de recarga de vehículos eléctricos no termo municipal, concretamente na praza García Abad, fronte á igrexa, na localidade de Castro Ribeiras de Lea.

Esta obra acometeuse cunha axuda do Plan Estatal de Incentivos á Mobilidade Eléctrica, que supón o 55% do orzamento, que foi de 42.173 euros (23.195 de axuda). A falta de detalles técnicos a tra-

tar con Begasa e á redacción dunha ordenanza, o mesmo entrará en funcionamento en breve para uso público.

Esta actuación está financiada pola Unión Europea a través de fondos Next Generation.

Este tipo de puntos de recarga son moi solicitados polo público polo que se están a xeralizar nas localidades do rural polo aumento notable de vehículos eléctricos.



## Ponte Outeiro completa máis de vinte anos de asociación veciñal

Dende hai máis de vinte anos, a parroquia de Ponte Outeiro que pertence ao concello de Castro de Rei, conta cunha asociación que naceu co obxectivo principal de agrupar aos veciños e encargarse do mantemento do campo da festa, do teleclub e dos cemiterios.

Esta asociación conta coa colaboración de todas as casas do pobo, sobre unhas cento vinte, pero tamén hai outros socios que aínda que non teñen casa en Ponte Outeiro colaboran coa asociación xa que están vinculados dalgún xeito con esta localidade.

Bailes de salón ou talleres de memoria para a xente maior foron algunha

das actividades que se celebraron en Ponte Outeiro e na actualidade todos os veciños poden desfrutar dun baile o primeiro domingo de mes. Un encontro no que a música e o movemento son os protagonistas e no que ademais de bailar, as case oitenta persoas que acudiron, puideron desfrutar dunha deliciosa comida na última destas xuntanzas.

A comida veciñal de todos os anos é outro dos grandes momentos desta parroquia de Castro de Rei. Organizada pola asociación foron unha das primeiras da contorna en realizala e xa levan máis de vinte anos.

Conta tamén cun teleclub, un local social que fixo a parroquia financia-

do cos cartos de todos os veciños e que está situado no campo da festa. Ten un bar, servizos e outro local no interior que se utiliza para diferentes actividades como por exemplo o caticismo dos pequenos. Este espazo, que está a disposición de todos os veciños, serve tamén para acoller reunións e celebracións doutras asociacións como a Festa da Troita organizada polos Amigos do Miño.

Na actualidade dende a directiva gustaríalles que xente nova tomase o relevo e lle deran unha nova vida á localidade con actividades para nenos e tamén para a xente moza. Un relevo con ganas de traballar e de volver a dinamizar Ponte Outeiro.

## O CD Castro organiza un campionato de tute

O CD Castro organiza de novo o torneo de tute, que será o sábado 3 de febreiro para o que hai un máximo permitido de 64 parellas. A inscrición está aberta a un prezo de 100 puntos por parella. De completarse o número total de inscritos, haberá catro premios para os gañadores da fase principal que recibirán 1.300, 400, 250 e 150 puntos cada un. Na primeira re-

pesca os vencedores conseguirán 300, 150, 120 ou 80 puntos e os da segunda, 200, 100 e un lote de queixo. Os dous primeiros de cada grupo tamén terán trofeo. A sesión incluírá cea con callos, churrasco, sobremesa e café.

O torneo será na caseta do polbo de Castro Ribeiras de Lea. As inscricións poden realizarse nos teléfonos 627 903 692 e 620 543 355.

## Meira terá un orzamento de 2,38 millóns de euros

A corporación municipal de Meira aprobou o orzamento para 2024, que ascende a 2,38 millóns de euros e que foi aprobado cos votos a favor do PSOE, a abstención do PP e en contra de Galicia Sempre.

Crece as contas meirenses un 1,5% con relación ao ano pasado debido ao aumento dos gastos correntes, como electricidade, gasóleo, locomoción, etc, que xa non chegou a reserva para esta función no pasado exercicio. Pero o capítulo máis elevado en gastos volve ser o persoal municipal, que ocupa o 31,8% do orzamento, que estará reforzado polo plan de emprego da Deputación para contratar peóns durante 6 meses. O outro gasto importante será o Servizo de Axuda no Fogar, que volve subir xa que aumentan tamén as horas de servizo.

No capítulo de investimentos, o orzamento inclúe 250.000 euros para melloras en núcleos rurais e novos abastecementos de auga, seguindo a liña de anos anteriores.

Tamén figura neste capítulo a instalación dunha cuberta na pista de pádel, xa que se trata dunha actuación que se executará este ano, unhas obras que xa están adjudicadas. Conta cun orzamento de 150.000 euros e finánciase coa axuda da Deputación.

Engaden no capítulo de gastos a compra dun novo tractor desbrozador como parte da mellora do parque móbil e a instalación de novas marquesiñas en vías municipais, unha actuación a demanda da veciñanza, dirixida principalmente aos pequenos que esperan o autobús escolar.

## Besteiro promete un modelo de residencias como a meirense

O candidato socialista á Presidencia da Xunta, José Ramón Gómez Besteiro, implantará en toda Galicia o modelo público de residencias que creou á fronte da Deputación de Lugo. “Cando sexa presidente da Xunta, estenderei a Galicia o modelo de residencias públicas con prezos xustos que xa fixen cando fun presidente da Deputación de Lugo. Está apoiado por Europa como exemplar”. Así o avanzou na visita que fixo no Día de Reis aos maiores que viven na residencia Santa María de Meira, unha das 9 que a Deputación ten hoxe en funcionamento.

“O meu modelo é todo o contrario ó de Rueda: aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade



patrimonial”.

Besteiro aposta por estender a todo o país este modelo 100% público, “de eficacia xa contrastada, sen ningunha morte durante a pandemia, que pon no centro ás persoas, o benestar dos maiores e das súas familias, e cunha atención personalizada, pois a ratio é de practicamente un

coidador por cada residente”.

Os centros “favorecen o arraigo”, xa que teñen prioridade as persoas da localidade e da comarca das residencias. Ademais, “todos os veciños e veciñas, independentemente da súa situación económica, poden acceder, posto que pagan en función da súa capacidade patrimonial”.



## castro de rei

## Alba Sinde reclama unha atención constante no centro de saúde local

Os socialistas de denuncian que o consultorio “leva tempo con graves deficiencias”, así o defendeu a voceira do PSdeG, Alba Sinde, que explica que durante días alternos e outras veces continuados só está a atender un médico dos tres profesionais que deberían prestar servizo, o que obriga á veciñanza a desprazarse para recibir atención médica.

“A xente ten que desprazarse a Outeiro de Rei ou a Lugo porque aquí só hai capacidade para atender ás urxencias; como sempre o rural é o que máis paga a incompetencia e a mala xestión da Xunta”, reprochou.

A socialista sinalou que a sanidade leva tempo deteriorándose, “non temos un pediatra a tempo completo, xa que ten que repartirse entre diferentes concellos e ten moitísima sobrecarga. A situación é inviable”.

Ademais, engadiu que a estes “graves” problemas de atención sanitaria no concello de Castro de Rei, no centro de saúde da localidade levan xa tres días sen calefacción “coas complicacións que iso supón para unha dotación médica en días fríos e de inverno como os que estamos tendo”. Por outra banda, Sinde tamén trasladou a necesidade de que o Concello poña “as ferramentas necesarias para buscar unha solución definitiva aos constantes problemas da depuradora do municipio”.

## O Concello busca opcións para os afectados polo transporte escolar

O Concello de Pol busca a maneira de poder recoller aos pequenos de transporte escolar que teñen dificultades coas paradas e achegalos ao colexio. Así o explicou o alcalde da localidade, o socialista Lino Rodríguez Ónega, que en numerosas ocasións fixo duras críticas polo “mal trato” do servizo de transporte da Xunta aos escolares do rural.

O alcalde e o seu equipo de Goberno estuda como opción que sexa un coche de Protección Civil o que recolla aos pequenos diante das súas casas e os leve ata Mosteiro, para o que ten que chegar a un acordo cos pais.

Segundo explica Ónega, hai o caso urxente dun rapaz ao que o autobús lle pasa por diante de casa pero que ten que desprazarse un quilómetro para ir á parada. Como a súa nai vén de dar a luz ten moitas dificultades para levalo.

Rodríguez Ónega asegura que a Xunta non arranxa o problema e queixase de “mal trato á veciñanza do rural, facendo máis difícil que as persoas se asenten nas parroquias”.

“Tanto que falan da Galicia baleira

ra e son eles mesmos os que tratan ao rural deste xeito poñendo máis trabas e problemas á veciñanza”, indica Ónega e subliña que “é unha vergoña o trato que nos están a dispensar, deixando claro que é unha mentira a súa preocupación polo rural xa que non se molestan en preocuparse un mínimo pola situación destas localidades que non teñen outros servizos alternativos”.

Lino Rodríguez lembra que non é o único que teñen, xa que son tres os escolares que teñen problemas co transporte, unha rapaza ten que camiñar tres quilómetros todos os días para chegar á parada de bus.

**PLAN DEPUTACIÓN.** O alcalde anunciou tamén que antes de que remate o mes elaborárase a listaxe coas obras que se realizarán cos orzamentos do Plan Deputación.

Segundo indicou Ónega, o orzamento está establecido en 150.000 euros e se destinarán principalmente á mellora de pistas e accesos nas parroquias, en especial naquelas nas que aínda non se traballou.

## A Deputación inviste no complexo deportivo e na rede de augas municipais



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, asinaron un acordo a través do que a institución provincial destina ao Concello 80.000 euros para que poida mellorar o complexo deportivo da localidade e ampliar a rede de abastecemento de auga dos núcleos rurais. Polo que respecta ao complexo deportivo, grazas a este investimento vanse acometer un conxunto de actuacións no pavillón no peche das instalacións e facer un reforzo estrutural completo, mellorando os piares, para evitar que aparezan fisuras, gretas ou movementos.

Esta dotación deportiva é o que utilizan os escolares do CEIP Rosalía de Castro de Mosteiro en horario lectivo e é de uso deportivo para actividades extraescolares.

O complexo conta tamén con campo de fútbol 7 e un campo de fútbol 11, dúas piscinas municipais, pista de baloncesto ao aire libre e unha pista de pádel. Unha aposta do Concello por favorecer a práctica do deporte, por ampliar alternativas para a conciliación familiar e laboral, e por con-

verter a Pol nun centro de referencia. Grazas á colaboración económica da Deputación, o Concello tamén poderá mellorar a rede de subministración de auga da liña que abastece Arcos e Bouzoá. En concreto, en Bouzoá, un núcleo que conta con 14 veciños, danse continuas baixadas de presión, provocando que o servizo non sexa todo o eficiente que deba. As obras que se contemplan inclúen unha nova condución de polietileno de alta densidade de 75mm de diámetro exterior, que complementa á existente, tendo en conta que tamén dá servizo a unha explotación gandeira con 40 cabezas de gando.

O núcleo de Xerbolés, onde residen 4 veciños, non conta actualmente con subministración de auga, polo que se vai executar ao abeiro desta colaboración que fai a Deputación. Neste lugar tamén hai explotacións gandeiras cun total de 35 cabezas de gando, un dato que se ten en conta á hora de dispoñer as obras e calcular o grosor das tubaxes.

O prazo de execución para estas dúas actuacións é de tres meses.

## meira

## Comezarán en breve as obras para cubrir a pista de pádel

O Concello de Meira xa ten adjudicadas as obras para cubrir a pista de pádel de Meira, obras que teñen de prazo ata agosto pero que se espera que comencen de forma inminente.

Esta obra ten un orzamento de 125.000 euros e foi adjudicado a OMIP SL cun prazo de execución de dous meses e 15 días. O Concello obtivo para esta obra unha subvención por importe de 133.814,67 euros.

O proxecto consiste na construción dunha edificación, sen cerramento perimetral, para cubrición da pista de pádel, que está composta por un módulo de 22,00 m de lonxitude, 13,00 m de luz (anchura) e 8,16 m de altura a cumbrera.

A estrutura de sustentación será metálica con piares. A cuberta será de chapa simple precurvada de aceiro



galvanizado.

A construción da pista de pádel, que está situada ao lado da nova área de autocaravanas, foi inaugurada no ano 2019 e ten un elevado número de usuarios, que contan con sistema de reserva da pista, on line e aberta

a toda a veciñanza.

Cando se rematou a obra, se tiña por obxectivo cubri-la en canto fora posible, tal e como explicou o concelleiro responsable desta área, Agustín Méndez, “para utilizala de cara ao inverno”.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

**Reparaciones Carlos, s. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com





## A Moexmu comeza a preparar a feira do 2024

Cospeito acolleu unha xuntanza de traballo da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta con motivo da preparación da XL Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu). A cita, que terá lugar entre o 5 e o 7 de abril do 2024, reunirá un ano máis a gandeiros e gandeiras da contorna.

Estiveron membros de Africor Lugo e a maioría dos gandeiros que participaron no Concurso desta edición da Moexmu, para empezar a perfilar o único concurso de gando que se mantén vivo na provincia. Tamén asistiron o alcalde de Cospeito, Armando Castosa, e varios concelleiros de diferentes partidos.

Falouse da organización do concurso e confirmouse a 28 edición da poxa. Acordaron manter o concurso de pelado/preparadores para xente nova o venres. De feito acordaron facer

unha liga de pelado e de manexadores e unha xeral. A seguinte reunión terá lugar en xaneiro.

**DEPUTACIÓN.** O novos membros da Comisión organizativa da Moexmu 2024 mantiveron unha reunión cos representantes políticos do partido socialista para facer un primeiro achegamento e logo tratar sobre os métodos de financiamento desta cita anual con Muimenta.

Segundo explicou o voceiro socialista de Cospeito, Daniel Irimia, a Deputación "estará á altura da 40 edición da Moexmu para que esta feira se reasente no que realmente é, unha das feiras de vital importancia para a comarca da Terra Chá e a parroquia de Muimenta". Irimia afirmou que a Deputación prestará o seu apoio para esta cita, tal e como vén facendo todos os anos e que están "a disposición da comisión".

## Adxudícanse terreos do parque empresarial

A Xunta de Galicia adxudicou a semana pasada máis de 24.400 metros cadrados de solo empresarial agrupado en 13 parcelas dos parques empresariais das Gándaras, e Muimenta, entre outros.

O acordo aprobado na comisión executiva da empresa pública Xestur supón que as empresas adxudicatarias dos terreos pagarán por este solo algo máis de 2 millóns de euros, unha vez aplicada unha bonificación de máis de 1,15 millóns de euros. O Executivo galego adxudicou desde 2015 -ano

no que comezou a aplicar bonificacións sobre o prezo do solo empresarial- máis de tres millóns de metros cadrados nos parques promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur, con bonificacións que superan os 86 millóns de euros.

A Xunta é a única das administracións promotoras de solo empresarial que bonifica o prezo da totalidade do solo que vende, facilitando así o asentamento de empresas e a creación de postos de traballo na súa contorna.

## Completan os traballos de restauración ecolóxica da Lagoa

Veñen de completarse os traballos para a restauración ecolóxica da lagoa de Cospeito, que supuxeron un investimento de preto de 450.000 euros. A vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, puxo en valor as actuacións de mellora e restauración executadas co obxectivo de garantir un bo estado de conservación dos hábitats e as especies de flora e fauna que se localizan nesta contorna.

Máis polo miúdo, a vicepresidenta segunda explicou que, entre outras actuacións, leváronse a cabo a recuperación do bosque de ribeira, coa retirada de árbores mortas, caídas ou enfermas do río Guisande; a eliminación de especies exóticas invasoras; a mellora do campo visual dos observatorios a través da corta de arborado e desbroce da vexetación



existente no campo visual dos miradoiros, e a renovación do pavimento exterior do centro de interpretación. A maiores, tamén se colocaron murróns para evitar o acceso de vehículos á lagoa, se restauraron os camiños e se renovaron os paneis informativos.

Ángeles Vázquez lembrou que esta

actuación enmárcase no proxecto Mil Ríos, unha iniciativa da Xunta que, cun orzamento de 5 millóns de euros, ten como obxectivo mellorar o estado ecolóxico e a adaptación ao cambio climático de medio cento de ríos e zonas húmidas de Galicia, coa previsión de actuar sobre ao redor de 470 quilómetros.

## Avanza o proceso de reestruturación parcelaria da Xunta

A Consellería do Medio Rural vén de publicar na plataforma de contratación da Xunta o anuncio de licitación da contratación de catro lotes de servizos técnicos de procesos de reestruturación parcelaria nos concellos do Páramo e de Cospeito, cun importe global de case 700.000 euros. Os contratos permitirán comezar cos traballos nas concentracións parcelarias de Arcillá-Bestar-Vilar-Sisoi, Lamas e Roás, en Cospeito.

O proxecto que se licita é a colaboración de servizos técnicos para a realización do levantamento topográfico e a obtención dos planos parcelarios, a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria nestas zonas de reestruturación.

Estes catro lotes forman parte dun total de 13 que se veñen de publicar na plataforma de contratación da Xunta cun orzamento global de case 4 millóns de euros, no que se inclúen seis parcelarias da provincia da Coruña, dúas de Pontevedra e unha de Ourense. E dependendo da zona, realizaranse múltiples operacións que forman parte das actuacións previstas para a reestruturación.

## PREMIO TORRE DE CALDALOBA



O Certame de Poesía Torre de Caldaloba chegou ao seu fin coa entrega do galardón á obra *Non deixedes na mesa nin leite nin pan*, autoría de Xurxo Alonso Gracia. O segundo premio recaeu na obra *Vaira e Cristal*, de Paulino Peña Álvarez. A entrega do premio tivo lugar no Museo das Aves.

## O Mercado de Nadal reparte os premios

Entre os pasados 1 de decembro e o 5 de xaneiro, tivo lugar a XV Mercado de Nadal – 2023, onde se repartiron dezanove mil rifas entre todos os clientes que tiveron os vinte e oito negocios que participaron nesta edición.

O premio gordo da lotería de Reis celebrado no día 5 recaeu no número 94.974. Polo tanto, as dezanove papeletas que se repartiron, rematadas en 974, son agraciadas, cun vale de 100 euros a cada unha delas.

Os agraciados teñen que poñerse en contacto, ata as 23:59 horas do luns 15 de xaneiro, cos negocios

que repartiron as papeletas gañadoras ou cos membros das Xunta Directiva para facer efectivo os correspondentes vales.

Todos os que se presenten a partir do día dezasete, serán declarados nulos.

A entrega de premios, terá lugar o mércores 17 de xaneiro, a partir das 20 horas, na casa da cultura de Muimenta.

Os dezanove premios teñen que gastarse antes do mes (dende a súa entrega) nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial de Muimenta. En total, suman 1.900 euros.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Cháin, nº 20  
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS



# TERRA CHÁ

## Cales son os nomes propios máis habituais na provincia?

Por Lucía Blanco

Antonio, José Luis, Carmen ou Lucía? Aínda que calquera dos catro son nomes propios de gran popularidade en Galicia, o podio ten dous claros vencedores: María e Manuel. Concretamente, 38.371 galegas —un 14,16 %— chámase María, mentres que Manuel ten aínda un predominio maior, xa que son 67.900 —un 25,05 %—, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Na provincia, a situación tampouco cambia. De novo son os nomes que teñen 4.185 mulleres lucenses e 9.096 homes. María Carmen, Carmen, José e Antonio ocupan a segunda e a terceira posición, deixando claro que os antropónimos máis comúns teñen un sabor clásico. Na cidade de Lugo, hai 1.660 persoas rexistradas como María Carmen e 2.179 como Manuel, nomes que tamén dominan en Palas, mentres que María del Carmen e José son os máis rexistrados en Antas, en Guntín e en Monterroso. María del Carmen e Manuel son os máis comúns en Baralla e Rábade; Carmen e Manuel, en Becerreá, na Fonsagrada e en Navia; Manuela e Manuel, no Corgo e Josefa e José, en Outeiro. Na zona da Terra Chá, o protagonismo lévao José, sendo o máis repetido en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba, Xermade, Begonte, Cospeito e Friol. Deste xeito, preséntanse diferenzas en canto aos antropónimos femininos. María reina en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba e Xermade; Josefa domina en Cospeito e Castro; María del Carmen, en Begonte e Carmen, en Friol.

En Viveiro, hai 230 mulleres rexistradas como María del Carmen e 253 como José. En cambio, María e Manuel son os máis repetidos en Barreiros, Mondoñedo, Trabada e Foz e María e José fano en Barreiros, Ourel e Lourenzá. Dolores e José impoñense no Vicedo e en Xove; María Carmen e José Ramón, en Alfoz; María Dolores e Manuel, en Cervo e María del Car-



men e Manuel, en Ribadeo.

**JOSÉ DOMINA.** En Monforte hai 216 Marías e 558 Manueles, que son tamén os máis rexistrados en Bóveda, Carballedo, Pantón e no Saviñao. María e José convértese nos máis comúns en Sober e Taboada; Carmen e Manuel no Páramo, en Triacastela e Quiroga; María Carmen e Manuel, en Chantada e Carmen e José, en Folgoso do Courel. María e Manuel repítense como máis comúns no Incio, en Ribas de Sil e Samos; Pilar e Manuel, en Lánca e Sara e Manuel en Paradel.

Porén, as tendencias varían e os nomes de moda cambian co paso do tempo, práctica que confirma cada ano a estatística dos máis escollidos para os novos nacementos. Segundo a lista dos neonatos galegos do 2022, Martín, do que se rexistraron 263 bebés e Mateo e Lucas, con 239 e 173 rexistros respectivamente, son os máis postos. Os de orixe galega parece que cobran forza. Roi ocupa o noveno lugar, seguido de Gael e Xoel. No caso das nenas, o máis común é Noa, con 159 casos; xunto con Sofía, con 140 e Valeria, con 135.

**APELIDOS.** En canto á distribución municipal por apelidos, mandan os patronímicos rematados en -ez, que teñen a súa orixe na Idade Media e significaban "fillo de". Concretamente, 108.553 e 102.454 galegos teñen Rodríguez e Fernández como primeiro apelido. Os seguintes máis habituais son González, do que se

rexistran 81.649 persoas e López, con 75.881. Na provincia tampouco hai moita sorpresa, aínda que cambian as posicións. Abundan os López, con 23.024 casos; os Fernández, con 18.691 e os Rodríguez, con 15.085.

Por concellos, repítense case o mesmo patrón. Na cidade de Lugo, 6.090 persoas levan López de primeiro, 5.102 son Fernández e 3.917, Rodríguez. A primeira posición é compartida en Cervantes, no Corgo, nas Nogais, en Guntín, Outeiro, Rábade e Pedrafita. Na Fonsagrada e en Navia o máis habitual é atoparse a alguén apelidado Fernández, mentres que en Monterroso e Palas domina Vázquez.

Na Terra Chá, Fernández e López son os máis repetidos en Castro, Cospeito, Meira e Vilaba, mentres que López e Rodríguez fano en Friol e Guitiriz. A tendencia cambia en Abadín, onde se impón Díaz, así como ocorre con García na Pastoriza. Na costa, Fernández triunfa en Burela, Cervo, Foz, Viveiro, Ourel, O Vicedo e Xove. Pero a cousa cambia en Alfoz e Mondoñedo, onde é máis frecuente apelidarse García.

Rodríguez gaña en Monforte, onde 1.980 residentes levan ese apelido, e tamén en Pantón, na Pobra do Brollón, en Quiroga, Sober e Ribas de Sil. González é o protagonista en Carballedo; Fernández, en Chantada e López, en Folgoso. López e Fernández tamén se impoñen en Sarria, Samos, Triacastela e Lánca e López e Rodríguez fano no Incio, no Páramo e en Paradel.

## Blanco anima aos concellos de Transición Xusta a pedir as axudas



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, animou en Vilalba aos concellos de Transición Xusta a presentar proxectos á nova liña de axudas por 25 millóns de euros que abrirá o próximo 20 de xaneiro o Ministerio de Transición Ecolóxica para a mellora da prestación dos servizos sociais, a transición ecolóxica e o emprendemento en zonas afectadas polo feche das centrais térmicas.

Durante unha visita ao Concello de Vilalba, onde mantivo un encontro coa alcaldesa da localidade, Marta Rouco, o delegado explicou que se trata dunha nova oportunidade para proxectos elixibles presentados polos entes locais á anterior convocatoria, que cumprían os criterios técnicos e que non resultaron adxudicatarios polo alto nivel de participación acadado e o límite orzamentario. En Galicia son 19 os concellos que poden optar a estas axudas.

As subvencións, que se resolverán por concorrencia competitiva, están dirixidas a proxectos en inmobles, espazos públicos e bens de dominio público. Permitirán a rehabilitación e transformación para novos usos de bens, espazos e terreos de titularidade pública que reforcen o compoñente social,

medioambiental e dixital destes espazos ou axuden á creación doutros novos.

Precisamente, o delegado e a alcaldesa aproveitaron para visitar un inmoble que o Concello quere recuperar para poñer en valor o Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio e que sería susceptible de concorrer a estas axudas do Ministerio de Transición Ecolóxica. Tamén repasaron outros proxectos que se están a levar a cabo en Vilalba, como a peonalización do casco urbano, a rehabilitación do Parador ou a renovación da Casa Consistorial ou do alumeado exterior da vila, entre outros.

Pedro Blanco sinalou a necesidade de apoiar aos municipios, especialmente aos máis pequenos, na mellora dos seus servizos e infraestruturas para frear a perda de poboación no rural e para garantir aos seus habitantes un futuro coas mesmas oportunidades para todos e todas.

Nesta liña van as axudas que convoca Transición Ecolóxica, xa que promoven a calidade de vida nestes municipios a través da mellora dos servizos sociais, culturais, de infraestrutura verde e de emprendemento, e que tamén contribúen a fixar poboación nestes territorios.

## Amplíase ata o 26 a campaña de vacinación de gripe e covid-19

A Consellería de Sanidade vén de acordar unha nova ampliación da campaña de vacinación fronte a gripe e a covid-19, que se estenderá até o vindeiro 26 de xaneiro. Trátase do segundo período co que a Xunta amplía as datas para poder vacinarse

de ámbalas infeccións respiratorias. Tanto as persoas con idades comprendidas entre os 12 e os 59 anos —con algunha condición de risco—, como as persoas de máis de 60 anos, poden facer uso da autocita para seren vacinados no seu hospital.





# Os orzamentos da Xunta, en detalle

A comunidade galega é a primeira coas contas en vigor dende o 1 de xaneiro. Estes son os orzamentos da provincia

Galicia convértese na primeira comunidade en aprobar os seus orzamentos para o 2024, que ascenden a 13.257 millóns de euros. "Garanten o crecemento estable; consolidan todas as rebaixas de impostos en vigor e inclúen novos incentivos fiscais; reforzan o gasto social e os investimentos e todo iso sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos", explican desde a Xunta. Segundo o Goberno, refórzanse os servizos públicos e séntanse as bases do crecemento e do emprego futuros.

## SANIDADE

Un ano máis a consellería con maior dotación volveu ser Sanidade, ao recibir 218 millóns de euros máis, un incremento do 4,4 % respecto ao ano 2023, e situarse en 5.191 millóns de euros. Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece nun 2,3%".

**IMPRESIÓNS.** Para as deputadas autonómicas do PP na comarca de Lemos, din que "é un claro exemplo de que a Xunta continúa apostando pola continuidade deste centro sanitario", subliñan. Para a deputada do BNG "as inversións en Sanidade non parecen suficientes xa que as carencias na Atención Primaria ou tamén no Hospital de Monforte merecerían unha especial dotación".

Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario supón unha renuncia a introducir as melloras que necesita a Sanidade Pública Galega para resolver os graves problemas que a afectan". E no gasto na Atención Primaria din que o "o gasto crecerá soamente en 56 millóns de euros, un 3,5% respecto ao 2023. Pois se descontamos a inflación o gasto descende realmente un 18,6%. O gasto para Atención Primaria queda no 14,2% do total sanitario, moi lonxe do obxectivo do 25% recomendado polas organizacións profesionais e a OMS".

Por outra banda a plataforma SOS di que á formación do persoal tan só se destinan 77 millóns, un 1,5% do total, "absolutamente insuficiente para formar aos traballadores sanitarios que necesitamos".

**RURAL.** En Galicia hai 7 estruturas de xestión integrada e na provincia de Lugo é a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que acolle aos 67 concellos lucenses e case 326.013 habitantes, segundo o INE en 2021. Segundo datos facilitados polo Sergas, a provincia lucense conta con 73 centros de saúde, 11



Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública

consultorios e 1 Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo, o número de profesionais médicos para atendelos a todos é un dato que oscila en máis de 6.000 traballadores entre o persoal dos tres hospitais e dos traballadores dos centros de saúde, a administración pública di que "as cifras

**"Vemos positiva a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos para mellorar os servizos ferroviarios", din dende o BNG**

de persoal dispoñible varían día a día por baixas, permisos, vacacións, etc". No rural lucense máis da metade dos médicos "vanse xubilar nos próximos 5 ou 6 anos polo que o Goberno galego debería ter unha previsión do que se vai facer, pero non queren actuar", din desde varias plataformas sanitarias, "e a poboación rural é a que máis a precisa a atención médica xa que as persoas maiores son as que viven nestas localidades tan dispersas, e moitas veces teñen problemas para desprazarse".

"O que necesitamos é achegar a atención sanitaria a toda a poboación, pero se desaparece supón un risco para todos", sinalan desde as plataformas, "somos a última comunidade no número proporcional de consultorios locais e pechalos suporía unha traba".

**LISTAS DE AGARDA.** As listas de espera para a primeira consulta especializada non superan de media os 90 días, e nas listas de espera cirúrxica, a situación é moi similar. Outra cousa son as listas na consulta de Atención Primaria, nas que están arredor dos

7 días e incluso nalgúns centros chegan aos 15 días ou ao mes. Ademais contan con moita disparidade entre os diferentes centros de saúde xa que en algúns faltan profesionais, sobre todo no rural.

Así mesmo, estes datos de lista de espera cirúrxicas non se saben feacemente pois "o Sergas non publica as listas non estruturais, que son as de pacientes que rexeitan ser intervidos por razóns non atribuíbles ao sistema, é dicir, que non queren ser derivados a outros centros nin a outras áreas por diferentes motivos", din desde a Plataforma.

## EDUCACIÓN

A Consellaría de Educación e Cultura manexa a segunda cifra máis alta, por detrás de Sanidade. Porén e como acontece cos orzamentos en materia de saúde pública, os presupostos de Educación medran por debaixo da media xeral, que se sitúa nun 5 %, mentres que a Consellaría que leva esta área crece un 2,8 %, quedándose con 2.976 millóns de euros.

Esta cifra supón unha inversión de máis de 82 millóns se comparamos co ano 2023, período no os fondos dispoñibles en materia educativa subiron un 5,2 %. De feito, no capítulo de inversións reais mesmo chega a baixar uns 7 millóns sobre o 2023. A dixitalización do sistema educativo, a busca da eficiencia enerxética e potenciar a FP pasan a definir as actuacións da Xunta para este novo ano.

**MELLORA DOS CENTROS.** Os orzamentos destinados ás actuacións de mellora nos centros educativos superan os 56 millóns de euros. Neste grupo inclúense a adquisición de equipamento e mobiliario, as obras para mellorar e integrar as enerxías renovables, así como as obras de rehabilitación e ampliación dos CIFP e dos IES nos que se invisten máis de

32 millóns. Na provincia, contémpanse 2.080.000 millóns de euros para a rehabilitación integral do IES Lucus Augusti e outros 406.400 euros para a rehabilitación integral da Escola de Arte Ramón Falcón.

Dende a oposición valoran como un despropósito as novas contas. "Cada

**Segundo SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece"**

ano merma o aumento do orzamento por debaixo do que sube a inflación ou o IPC e vaise acumulando esa diferenza. De feito, temos calculado sobre 644 millóns soamente na parte do ensino público con respecto aos últimos 14 anos", explica a deputada do BNG, Cristina Fernández Davila. Neste senso, o portavoz do Grupo Socialista, Luís Álvarez, criticou que o presidente da Xunta estea a anunciar "melloras que non se reflicten nos Orzamentos da Xunta para 2024 e que van ser inexistentes". Álvarez asegurou que coa entrada en vigor dos presupostos "a cidadanía seguirá agardando días por unha cita en Atención Primaria, continuará habendo déficit de profesores e de persoal nos centros educativos".

**TRANSPORTE ESCOLAR.** Diríxense máis de dous millóns de euros para o transporte escolar e os comedores sociais, incrementando así en 405.076 euros os fondos destinados ás ANPAS e aos concellos para sufragar estes servizos. Esta cantidade complétase coas partidas da Consellaría de Mobilidade ata os 123,1

millóns de euros. Así, o BNG insta ao Goberno da Xunta a revisar a ordeación das rutas de transporte escolar e as súas paradas, que ocasiona problemáticas para as familias e o estudiantado. Así acontece na parroquia de Torés nas Nogais, que teñen adscrito o IES de Becerreá, pero que para dirixirse ao centro deben percorrer os 14 quilómetros ata As Nogais por unha estrada de montaña e logo facer transbordo para percorrer os 8 quilómetros que os separan de Becerreá.

**PROFESORADO.** Nos orzamentos inclúese o acordo de mellora da educación, firmado por CCOO, ANPE e UGT, e polo que se reducen os ratios de alumnos e se suben os sexenios do persoal docente, entre outras medidas. Así que as prazas de profesorado continúan a ser unha das cuestións polémicas nestas novas contas e que denuncian tanto as formacións políticas como os sindicatos. Tal e como figuran nos presupostos, Galicia contará con 30.424 profesores no ano 2024, cifra que se mantén con respecto ao exercicio anterior e que cae en 866 prazas se se compara coas contas do 2022. Por iso, dende a CIG-Ensino denuncian que "a oferta pública de emprego anunciada no último Consello de goberno da Xunta" non vai "ter ningún efecto nos fondos destinados á contratación de persoal docente".

Aínda que a natalidade cae e o persoal docente se mantén, dende CCOO tamén sinalan unha falta de prazas. "A OPE anterior foi de estabilización, a xente que estaba traballando como substitutos e interinos pasaban a ser funcionarios de carreira, non variaba o número. Este ano botamos en falta as prazas de reposición do 022 que non foron na convocatoria pasada", explica Luz López, secretaria xeral da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

## BENESTAR

Con respecto ao ámbito do benestar social, representado pola Consellería de Política Social, este ten o maior aumento porcentual nos orzamentos, xa que sobe un 11,9%, alcanzando os 1.205 millóns de euros.

**DEPENDENTES E MAIORES.** Nos orzamentos de Política Social, contémpanse 540 millóns de euros para a atención a maiores e a mellora dos servizos sociais sociocomunitarios. Na actualidade, hai máis de 73.000 persoas dependentes que precisan de recursos de atención diurna ou atención residencial.

Ademais, os orzamentos inclúen 97 millóns de euros para o Bono Coidado no Fogar e para as persoas que



precisen de atención as 24 horas do día, créase un complemento, o Bono Residencia, ao que se destinarán 55 millóns de euros. Por outro lado, os orzamentos tamén reforzan o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dotando con 130 millóns de euros aos concellos para aumentar as horas a disposición dos gobernos municipais e cumprir os acordos asinados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Nesta liña, tamén se contemplan 4,7 millóns de euros para estender a rede de casas do maior, 18,5 millóns de euros para as novas residencias e centros de día de titularidade municipal e 12 millóns de euros para executar obras de mellora para adaptar as residencias públicas autonómicas ao novo modelo de coidados.

O PSdeG, pola súa parte, cre que o modelo público de residencias que creou Besteiro cando estaba á fronte da Deputación de Lugo é mellor que o da xunta e, de chegar a ser presidente da Xunta, di que estenderá este modelo a toda Galicia.

“O meu modelo é todo o contrario ao de Rueda: aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade patrimonial”, sostén Besteiro.

Pola súa parte, desde o BNG prometen fortalecer a inspección a residencias de maiores, xa que os propios inspectores denunciaron que a Xunta avisa aos centros de atención a anciáns cando vai haber inspección, dificultando a capacidade dos profesionais para coñecer a situación real destes lugares.

#### DISCAPACIDADE E XUVENTUDE.

Con respecto ao ámbito da discapacidade, os orzamentos da Xunta contemplan 172 millóns para a atención á discapacidade e aumentan nun 50 % as axudas para o tecido asociativo, que ascenden a 9 millóns no sector da discapacidade, e resérvanse outros 7 millóns para ampliar a rede galega de atención temperá.

No ámbito da xuventude, dedícanse case 2 millóns ás iniciativas ‘Xuventude Mentoring’ e ‘Xuventude Mentoring na Empresa’ e aumentan ata os 800.000 euros as axudas para sacar o carné de conducir. Por outro lado, 4 millóns de euros destinaranse para os programas ‘Primavera Xove’, ‘Outono Xove’ e para os Espazos Xoves da Xunta.

Con respecto ás partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, estas soben ata os 242 millóns de euros e destínanse 3 millóns de euros para as ampliacións da rede de casas niño, mentres que outros 31,4 millóns de euros serán para apostar pola Tarxeta Benvida como apoio económico para as familias que teñan un fillo.

Na área de Inclusión Social dedícanse 153 millóns de euros, mantendo a renda de inclusión social de Galicia (Risga) nos 46 millóns de euros e inclúen 5 millóns de euros para as Axudas de Inclusión Social (AIS), que benefician a 3.000 persoas en situación de vulnerabilidade, así como outros 8 millóns para aboar o complemento autonómico ás pensións

### Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia

non contributivas a máis de 37.000 galegos.

O BNG, pola súa parte, levou ao Parlamento unha iniciativa para reformar a Lei de Inclusión Social pola “falta de impulso legislativo da Xunta, un síntome claro dun Goberno en decadencia”. E o PSdeG defende que



Proxecto do polígono de Muras, que leva parado desde hai varios anos

“as pensións, ademais de ter que ser dignas, son un dereito e un beneficio directo sobre o benestar das persoas e o sustento de moitas familias”.

#### INFRAESTRUTURAS

As contas recollen unha previsión de investimento que se achega aos 600 millóns de euros, 14 máis que o ano pasado. Polo tanto, a Axencia Galega de Infraestruturas volverá ser o departamento con maior orzamento, a Dirección Xeral de Mobilidade incrementa o seu presuposto ata os preto de 164 millóns, e Augas de Galicia, pola súa banda, contará cun orzamento de 140 millóns de euros, que permitirán seguir coa colaboración técnica e financeira cos concellos para reforzar os sistemas de saneamento e depuración.

**TRANSPORTE GRATIS.** Nas contas verase reflectido unha medida nova: a gratuidade do transporte público da Xunta para os maiores de 65 anos. Tamén se manterá a gratuidade para menores de 21 anos. A aposta polo transporte público tamén se verá reflectida na mellora dos equipamentos e servizos. Destaca aquí o investimento para as intermodais, como os 5,8 millóns para a de Lugo. Aínda que hai satisfacción xeral por

esta infraestrutura, non faltan as voces que din que “é necesario que xunto ao investimento previsto se avance tamén na modernización das vías”, como insistiu o nacionalista lucense Rubén Arroxo. “Vemos positivo que por fin se active a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos importantes para mellorar os servizos ferroviarios que Lugo necesita, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías”, insistiu.

**VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS.** Tamén se reserva unha partida de 40 millóns para as vías de altas prestacións e acondicionar estradas. Destaca o investimento de 4 millóns para a VAP da Costa Norte ou para a segunda fase de conversión da VAP Nadela-Sarria. Os orzamentos sinalan que se continuará coa execución de variantes de estradas ao seu paso por núcleos de poboación como é a Rolda Leste de Lugo. A partida para esta rolda está en unha situación complexa pola falta de acordo dos partidos que consideran o trazado unha agresión a esta zona natural. Esta infraestrutura está a ser unha moeda de intercambio mentres os cartos quedan parados. Tamén avanza na mellora de estradas autonómicas, como a LU-540.

**XESTIÓN DA AUGA.** En canto aos investimentos previstos por Augas de Galicia, estes irán orientados a coidar e preservar este ben vital. Para o apoio aos concellos nas súas competencias de depuración e saneamento, resérvanse 85 millóns de euros. A estar mellor preparados fronte á seca e ter garantidas reservas de auga destinaranse 23 millóns, con actuacións para mellorar abastecementos municipais e medidas encamiñadas a aumentar as garantías de existencia de recursos para cubrir o abastecemento reservando os caudais ecolóxicos. Como nova medida, recóllese a creación da Escola da Auga, cun plan de formación para o persoal técnico dos concellos, das empresas xestoras, usuarios etc. Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e que a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia, unha medida que levan moito tempo reclamando os socialistas. Para os partidos na oposición, os orzamentos, en materia de infraestruturas esquecéronse de obras de importancia para a provincia, como a nova EDAR para Barreiros, a construción dos polígonos industriais que demandan Muras, O Valadouro, Riotorto e a terceira fase do parque empresarial de Barreiros que xa está ocupado ao 100%.



**construfer**  
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTOS  
PABLO RABADE PAREDES

**ebos**  
pasadoiro doce

Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosbradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Dbradoiro Doce



# A carreira polo trono da Xunta

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas, que se celebran o 18 de febreiro



O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia. Serán as primeiras desde 2009 nas que o candidato do PP non será Alberto Núñez Feijóo. A data coincide coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgunhas zonas como Ourense.

## PP

Alfonso Rueda, nado en Pontevedra, é avogado e exerce o papel de actual presidente da Xunta de Galicia dende o 12 de maio de 2022, cando o seu predecesor Núñez Feijóo foi investido presidente do Partido Popular a nivel estatal. Rueda iniciouse na política nas Novas Xeracións de Pontevedra e foi xefe de gabinete do conselleiro Xesús Palmou, e director xeral da Administración Local da Xunta de Galicia durante cinco anos. Foi secretario xeral do PPdeG, desde o ano 2006 ata maio de 2016, e dende a elección de Feijóo como presidente autonómico, encargouse da Secretaría Xeral en Galicia. Tamén foi conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e vicepresidente da Xunta

de Galicia ata o 2022. Tras anunciar a convocatoria de eleccións para a Administración Autonómica, Rueda asegurou que seguirá apostando por traballar e así manter a comunidade como "a illa de estabilidade" que é na actualidade.

O actual presidente fai un chamamento a protexer Galicia porque "o futuro da nosa comunidade se decide aquí, sen mediadores, nin hipotecas e sen ningunha outra obediencia que non sexa aos galegos". "Sigamos a favor de todo aquilo que a xente nos pide que defendamos: máis oportunidades para a mocidade, máis apoios para os maiores e as familias e continuar defendendo proxectos empresariais que xeren emprego", explicou ao tempo que aseguraba que "se todos os partidos aproveitamos estes días para confrontar as nosas diferentes visións de Galicia en positivo, estaríamos facéndolle un gran servizo aos galegos e cumpriríamos o que esperan de nós".

## PSOE

José Ramón Gómez Besteiro, candidato do PSOE. Naceu en Lugo e

ademais de ser avogado é político e foi o presidente da Deputación de Lugo dende 2007 ata 2015. Formou parte do Concello de Lugo sendo concelleiro de Urbanismo e voceiro municipal e, en marzo de 2023 foi designado polo Goberno de Pedro Sánchez como máximo responsable da Delegación do Goberno en Galicia.

Gómez Besteiro di que "os socialistas galegos son os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia" e engadiu que "a Galicia quédanlle poucos días para despedirse deste Goberno triste e que gañe a esperanza", dixo un Besteiro que se amosa optimista de cara a estes comicios.

O candidato dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo adianto electoral: "Xa falta menos para que Galicia pase dun Goberno de confrontación a un Goberno que ofrezca solucións". "Os socialistas estamos unidos, preparados e somos os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia", remarcou o tamén deputado lucense, quen incidiu en que o PSdeG é un partido con "traxectoria, equipo e un proxecto absolutamente claro".

"Galicia está perdendo oportunidades", incidiu Besteiro, "de feito está medrando menos que o resto do país por culpa das políticas incapaces, a inercia e a confrontación na que está instalado Rueda e o PP. Os socialistas estamos preparados para gañar as eleccións e para darlle a Galicia o impulso que necesita e merece".

O candidato chama a "escoller entre unha Galicia resignada ou elixir un futuro ilusionante, con esperanza e que nos poña á cabeza do crecemento en España e en Europa".

## BNG

Ana Pontón, nada en Chorente, Sarria, é a candidata do Bloque Nacionalista Galego. A sarriá é a portavoz nacional do BNG desde 2016 e xa fora candidata á Presidencia nas eleccións de 2016 e 2020. Tras estes últimos comicios converteuse na líder da oposición no Parlamento de Galicia, e conseguiu que o seu partido tivera o máximo histórico de 19 deputados. A líder nacionalista afirma que o BNG está preparado para gañar e liderar o Goberno do

cambio para darlle un presente e un futuro mellor ao país. "Son a candidata de todos os galegos que queren cambio, votasen o que votasen noutras eleccións", indica. Di sentirse con "máis ganas, máis ilusión e máis preparada que nunca" para darlle a Galicia "o mellor Goberno da súa historia".

Para Pontón, o obxectivo último é conseguir "mellorar a vida das persoas", porque segundo afirmou, "é o que lle dá sentido á política, poñer as persoas no centro, traballar por e para elas, e entre todos e todas construír a mellor Galicia".

"Non importa o que votaran noutras eleccións, hai moitas maneiras de sentirse galego, e todas son necesarias para abrir un tempo novo", di Pontón, que pretende defender a comunidade e marcar un antes e despois tras a sucesión de gobernos que tomaban as súas decisións "en despachos madrileños". "Feron seis presidentes en toda a historia da democracia, todos homes e de forzas estatais. Cedes que nos foi ben? Cedes que puxeron a Galicia no lugar que se merece?".

## LIÑAS PRINCIPAIS DOS PROGRAMAS ELECTORAIS

### PARTIDO POPULAR

- Actuacións na infraestrutura dos hospitais.
- Impulso ás VAP Costa Norte e da autovía libre de peaxes Lugo-Monforte.
- Avance na candidatura a patrimonio mundial da Ribeira Sacra.
- Obras en marcha para a reforma ou construción de novos centros de saúde, residencias da terceira idade e centros de ensino.
- Actuacións de mellora nos portos de titularidade autonómica.
- Dar continuidade a medidas como a gratuidade das escolas infantís, bonos dependencia ou axudas para libros de texto e material escolar.

### PARTIDO SOCIALISTA

- Apostar por empresas que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación.
- Mellorar as políticas de envellecemento, os servizos sociais, e a sanidade.
- Rematar moitas infraestruturas como as conexións entre a parte interior de Lugo, a conexión da Mariña, ou a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte.
- En Lugo, fará o Plan Paradai e desenvolverá a Rolda Leste.
- Apostar polo agro e o mundo forestal así como dar garantía aos gandeiros.

### BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- Unha Galicia máis feminista.
- Apoiar a cultura e a identidade galega para conseguir "unha nación moderna, empoderada e sen complexos".
- Reforzar os "vínculos" da comunidade galega.
- O compromiso de poñer enriba da mesa unha "intervención pública" en Alcoa
- O compromiso de activar a Mesa do Sector Lácteo, na que estean representados todos os axentes da cadea produtiva, co fin de que aborde "as cuestións clave para darlle futuro ao sector, incluído todo o que ten que ver cos prezos".

## DATOS

- **15 de xaneiro:** vence o prazo para rexistrar candidaturas. Os candidatos quedarán proclamados o 22 de xaneiro.
- **29 de xaneiro:** empeza o envío de documentación para votar por correo. O voto por esta vía pódese solicitar ata o 8 de febreiro. O prazo para enviar a papeleta finaliza o 12 de febreiro.
- **2 de febreiro:** arrinca a campaña electoral e prolongarase ata o 16 de febreiro.



# DEPUTACIÓN



## Os concellos recibirán do Plan Deputación 21,75 millóns

O Goberno provincial aprobou no Pleno ordinario de fin de ano as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos (antes Plan Único), que decidiu subir ata os 21,75 millóns de euros, o que supón transferirle aos 67 municipios da provincia o 20 % do orzamento provincial, seguindo criterios públicos e obxectivos –como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial-, e cun respecto total á autonomía municipal.

O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor de PSdeG e BNG, e a abstención do PP. O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación forma parte do “noso compromiso de máxima coo-

peración cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou o mandatario.

**PLAN DEPUTACIÓN.** “Cumprimos co acordo que temos no Goberno de incrementar ao longo do mandato o Plan Deputación nun millón de euros, cun cuarto de millón cada ano. Polo tanto, no 2024 subímolos en 250.000 euros. Tamén se modifica o tope máximo que había, sendo coñecedores de que os concellos que teñen máis poboación tamén teñen máis necesidades”. Exemplificou o mandatario provincial que as obras que se fan grazas a este programa son “moitas, son máis de mil obras que se financian co Plan Deputación, por iso tamén lle cambiamos o nome para que se identifique mellor quen fai os investimentos”.

“Afianzamos o peso deste plan nos presupostos provinciais, cun nivel de compromiso cos concellos que non ten parangón na Xunta de Galicia –pois non conta cun plan semellante, e mantén o Fondo de Cooperación Local nun raquíto 1,1 % do total do seu presuposto-; nin tampouco nas deputacións de Ourense –que se apunta a esta medida, pero queda moi por debaixo desta institución-, e de Pontevedra –que recorta os fondos en máis dun 21%”, afirmou.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a un xeito de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia”. Porto concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle achega a Deputación.

## A institución aproba os orzamentos do 2024

O Goberno provincial aprobou definitivamente tamén os orzamentos da Deputación para o ano 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. A institución contará con 116 millóns de euros, un 5,32 % máis ca neste 2023, para ofrecer máis servizos públicos e favorecer o dinamismo económico da provincia, sobre todo no rural.

O presuposto saíu adiante, xa que, seguindo o informe do servizo de intervención, desestimáronse as dúas únicas reclamacións presentadas ao mesmo durante o período de exposición pública –unha polo alcalde de Becerreá e outra pola Plataforma Pro Residencia da localidade-, dado que “xa existe crédito orzamentario para dotar de equipamento e seguir avanzando cara a apertura do centro coa incorporación de remanentes”.

Así o explicou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen, aludindo ao informe de Intervención, lembrou que o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Becerreá para a construción da residencia contempla a aplicación das baixas das licitacións ao propio centro, e que “os remanentes á data actual ascenden a 1.318.781,98 euros”. Así mesmo, “existe unha dotación de 300.000 euros no orzamento dispoñible de ser preciso”. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro valorou o Plan Deputación como unha ferramenta fundamental para a financiación de investimentos nos concellos.

Durante o pleno, o vicepresidente destacou que “os concellos recibirán 21,75 millóns de euros, distribuídos seguindo criterios obxectivos, establecidos nas bases da convocatoria que aprobamos hoxe, garantindo que todos os concellos saiban os recursos dos que van dispoñer para o ano que vén”.

**SERVIZOS SOCIAIS.** As bases do Plan Deputación está publicadas e os concellos poderán concretar as accións a desenvolver cos fondos asignados, distribuídos en función da superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial. Ademais de investimentos en infraestruturas, o Plan Deputación ofrece aos concellos financiamento para outros servizos como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados, así como programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro.

**RESIDENCIAS.** García Bermúdez lanzou unha “mensaxe de tranquilidade” aos veciños e veciñas de Becerreá porque “este Goberno cumpre”. Así o demostra, incidiu, coa apertura no pasado mandato de seis centros de atención a maiores, co que conta con 9 en funcionamento. Ademais, ten dúas residencias en construción, e avanza no procedemento para abrir a de Becerreá e outras 6, co que completará a rede de 18 previstas.

## Esixen á Xunta que complete os pagos pendentes da PAC

A Deputación esíxelle á Xunta que complete canto antes os pagos da PAC pendentes de cobro polos gandeiros e gandeiras da provincia para que reciban xa a totalidade dos 180 millóns de euros que lles corresponden. A voceira socialista do Goberno e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa e puxo o foco en que grazas ás xestións do Goberno de España, que tivo en conta as necesidades dos gandeiros e a situación que vive o sector dende o inicio da guerra

de Ucraína, os gandeiros e gandeiras poderían ter cobrado xa en outubro arredor de 130 millóns de euros como adianto do total a percibir.

“Pero eses pagos atrasáronse porque a Xunta non foi capaz de facer en tempo e forma os controis administrativos precisos para poder tramitar eses fondos”. A moción aprobada recolle tamén que a Xunta adopte as medidas necesarias para mellorar a xestión administrativa e garantir que os gandeiros e gandeiras poidan cobrar os anticipos completos.

## Licitados os equipamentos para participar no plan Impulsa TIC

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación, por un importe de preto de 2,2 millóns de euros, do subministro do primeiro lote de equipamentos e servizos tecnolóxicos que, unha vez adquiridos, a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos da provincia que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC. Un proxecto que, como explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, a Deputación puxo en marcha “grazas aos fondos que conseguimos da Unión Europea, e que ten como obxectivo colaborar cos

concellos para avanzar na súa transformación dixital e ofrecer un mellor servizo á veciñanza”.

En concreto, o material que a Xunta de Goberno aprobou licitar servirá para mellorar a eficiencia dos servizos básicos da Administración dixital e favorecer as sinerxías e a colaboración entre entidades; a creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns; a integración dos sistemas de tramitación municipais cos sistemas de padrón e contable; e a implantación dun sistema de automatización e dixitalización dos plenos municipais.

“Nas vindeiras semanas aprobaremos a licitación de material por outros 2,3 millóns de euros, co que completaremos o investimento de 4,5 millóns de euros co que está dotado en total o programa Impulsa TIC”, explicou García Porto, quen engadiu que, unha vez licitados e adjudicados todos os equipos e servizos, a Deputación procederá á súa distribución entre os 52 concellos que decidiron sumarse a este proxecto. A deputada lembrou que “todo o material atende á realidade e ás necesidades” que os propios concellos lle trasladaron á institución.



# DEPORTES

## Castro de Rei acolle o domingo 14 de xaneiro a tradicional Carreira Popular

O Concello de Castro de Rei celebrará a VI Carreira Popular Concello Castro de Rei o domingo 14 de xaneiro, a primeiros do ano como é tradicional, e terá saída na Casa do Concello e percorrido por vías da Deputación ata chega á meta no Campo da Feira de Castro Ribeiras de Lea.

A organización poñerá a disposición dos participantes un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o pavillón municipal de Castro Ribeiras de Lea ata a saída na casa do concello de Castro de Rei.

Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,8 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorreren dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18. As probas de menores serán na contorna do Campo da Feira de Castro Ribeiras de Lea. A carreira absoluta terá a súa saída ás 10.15 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.10 ata os sub 18 ás 12.30.

Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta e para os tres primeiros da cada categoría.

Nas categorías dende promoción ata sub 16-18 darase medalla a todos os participantes, así como trofeo ós tres primeiros. Ademais repartirase un trofeo ao primeiro/a atleta local da carreira de adultos. A entrega de premios será na zona de meta (Carballeira) e comezará, aproximadamente, ás 12.45h.

## O Trail das Bestas acolle o galego de Trail Running de maratón

O Trail das Bestas de Muras confirmou xa a súa próxima celebración, que terá lugar o 7 de xullo na Serra do Xistral, na que é a súa sétima edición.

Pero, este ano, esta dura proba de resistencia, será tamén sede do Campionato de Galicia de Trail Running na distancia maratón.

A maiores disputaranse todas as modalidades clásicas do Trail das Bestas, sendo puntuables para o Ránking Galego de Trail Running G1 as categorías Maratón (Campionato de Galicia), Classic (27k), Preclassic (12k) e a andaina na Serra do Xistral.

O evento contará con premios directos e sorteos do patrocinador do circuito, Lurbel así como unha gran cantidade de actividades para adultos e pequenos.

## Isaac Rouco substitúe a Paco López á fronte do banco do Cabreiros



O Cabreiros xogou o partido de ronda previa da Copa Deputación con vitoria e fíxoo por primeira vez ás ordes de Isaac Rouco, que se fixo cargo do equipo logo da saída de Paco López.

O equipo xermadés está hoxe na zona morna da táboa da Segunda Galicia norte despois de só dúas vitorias, ás que se suman 6 empates, no que vai de Liga.

O debut de Rouco trouxo aparelhada unha vitoria contra un vello coñecido, o Mondoñedo, que está por baixo na táboa do grupo. O novo adestrador do Cabreiros vén do Castro B sénior, onde pasou dous anos ante un equipo que foi en crecemento. Ademais, este vilalbés de nacemento desenvolveu a súa carreira como xogador Santaballés, Riotorto, Castro, Guitiriz, Mondoñedo e Muimenta.

O club anunciou a marcha de Paco López o pasado 29 de decembro agradeceu o traballo "por coller ao equipo no momento que o colliches, nunha situación moi

complicada, e sacalo adiante con ganas, esforzo e moito traballo. Moitas grazas por este ano e medio e pola gran persoa que eres, sobra dicir que Cabreiros sempre será a túa casa."

**MUIMENTA.** O SD Muimenta aproveitou o descanso de Nadal para facer un cambio na dirección do partido. Os malos resultados levaron ao equipo a colocarse nos postos de descenso da Segunda Galicia, situación que pretende solucionar Álex Vázquez, que substitúe no banco a Manuel Veiga e xa levou as rendas do Muimenta no último duelo da tempada contra o Candelaria, no que perderon por 3-2.

O ex colexiado, que conta con 30 anos, vivirá no Muimenta a súa primeira experiencia como primeiro adestrador, xa que estivo como segundo en Castro e en Sarria.


Tamén participou en diferentes experiencias no banco en Guntín, Guitiriz ou Cospeito.

## DANIEL MARTÍNEZ GONZÁLEZ

O atleta rabadense Daniel Martínez González acadou o seu pase para o Campionato de España de pista cuberta despois de conseguir unha marca nos 1.000 metros de 2:43.67.

Así, disputará no Campionato de España de atletismo unhas das probas máis complicadas na súa carreira deportiva e profesional no mundo do atletismo.

Hai máis de tres meses xa foi preseleccionado pola Federación Galega de Atletismo para o Campionato de España de Fe-



deracións Autonómicas Sub16 para a proba de 1500 obstáculos.



## Vilalba, Rábade e As Pontes celebraron con humor a San Silvestre

A VIII San Silvestre Vilalbesa reuniu no Concello de Vilalba a 350 participantes de todas as idades e de todas as parroquias do municipio, que disfrutaron dunha carreira e andaina polas rúas da vila.

A alcaldesa, Marta Rouco, tamén participou nesta edición e quixo agradecer a todas as persoas participantes a súa asistencia, xa que "foi unha forma estupenda de rematar o ano". En categoría absoluta feminina, a gañadora foi Zelinda Spencer; Iria Fernández, segunda, e Carmen Rábade, terceira. Mentres, en categoría absoluta masculina, o gañador foi Martín Cando, Manuel Folgueira, segundo, e Aaron Crende, terceiro.

**RÁBADE.** Rábade contou un ano máis coa súa tradicional carreira popular de San Silvestre, que chegou á súa IX edición cun total de 378 inscri-

tos nunha proba disputada o domingo pola mañá.

A Don Silvestre Rabadense para ps máis pequenos estivo dividida en tres grupos, con percorridos entre os 50 metros e os 1.200 metros. Despois fíxose a carreira absoluta, cunha participación de 255 persoas.

Ao ser unha proba non competitiva non houbo clasificación pero si, ao remate do evento, fíxose entrega dos premios aos catro mellores disfraces. Recibiron un agasallo e unha medalla todos os menores participantes e houbo sorteos ademais dun refrixerio ao terminar.

Tamén houbo competición nas Pontes, organizada polo Concello e o club Trieume. Disputárase sobre un circuito de 2,5 quilómetros, con saída e chegada na Rúa Alexandre Bóveda con catro categorías e sen ter carácter competitivo.

## Convocado o Memorial Eduardo Fernández Villamarín o día 27

Rábade celebrará o sábado 27 de xaneiro o XXI Memorial de atletismo Eduardo Fernández Villamarín, Negrín, con saída pola tarde da praza de España e recollida de dorsais no mesmo lugar.

Ás 16:30 horas farase a saída dos rapaces e ás 17:00 horas dará comezo a carreira absoluta que percorrerá 6,8 km e discorrerá dando dúas voltas a un circuito urbano. A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina e por categorías. A recollida de dorsais farase a partir das 15:30 horas.

Este ano por vez primeira aumentan os premios e tamén haberá para os tres primeiros atletas provinciais, así como para o primeiro corredor e corredora rabadense na proba absoluta.

Os tres primeiros clasificados de cada categoría terán premio e

ademais, haberá un trofeo, denominado tamén Eduardo Fernández Villamarín, que se entregará ao equipo que conte con máis participantes que rematen a carreira, así como distincións para o primeiro e primeira corredores rabadenses clasificados na proba absoluta.

Os pequenos recibirán de premio vales de 50 euros para a compra de material deportivo e os adultos premios que oscilan entre os 350 euros para o primeiro e 150 do terceiro, tanto na categoría masculina como feminina.

Ademais, os primeiros participantes da proba absoluta que crucen en primeira posición o sprint intermedio situado ao final da primeira volta e rematen entre os 20 primeiros da clasificación xeral agasallaráselles cun dorsal para a Behobia – San Sebastián.



# Regreso ao verde tralas vacacións

Os equipos da provincia proseguen coa Liga despois do descanso de dúas semanas do Nadal coa mirada posta no ascenso

O Nadal trouxo para todas as categorías do fútbol un merecido descanso de practicamente dúas semanas para acometer a segunda quenda da Liga, que se retomou para a maior parte deles na primeira semana de xaneiro.

Moitos dos equipos da provincia fixeron os seus deberes antes da pausa de decembro e acometen esta segunda fase con moitas esperanzas de lograr un ascenso de categoría ou mesmo a permanencia noutros casos.

Pero o tempo de descanso de Nadal trouxo moitas sorpresas tamén. O primeiro equipo da provincia, o CD Lugo, anunciou tralo último partido, a destitución do seu adestrador, Pedro Munitis, que foi substituído polo portugués Paulo Alves, técnico cunha notable traxectoria no mundo do fútbol do máis alto nivel.

O CD Lugo foi o primeiro en volver pisar o verde, o día 2 de xaneiro, coa visita do Celta Fortune, o líder do grupo, no Anxo Carro. Situado entre os dez primeiros, o albivermello contempla como unha posibilidade clara a permanencia na categoría, á que descendeu no pasado curso, facendo valer os resultados ata o de agora, entre os que figuran un gran número de empates.

Os resultados foron os que levaron á saída do anterior adestrador, malia que o equipo só perdeu unha vez fóra de casa, en Cornellà. A piques

de chegar ao ecuador da tempada, o CD Lugo ten unha difícil tarefa para manterse en postos de play off para o ascenso.

Unha situación moi similar está a vivir o Vilalbés de Simón Lamas, situado tamén no top ten da Segunda Federación, categoría na que está a facer o seu labor e na que os empates xogaron un importante papel de cara a manterse na parte alta. Os vilalbeses recibiron ao Pontevedra no reinicio da competición e no partido que marcou a fin da primeira volta. Os resultados, moi parecidos aos do Lugo en número de vitorias e derrotas, ofrecen unha visión de respecto ao adestrador, Simón Lamas, un home de club.

Tamén volveron ao verde os equipos de Terceira Federación da provincia de Lugo, os tres na zona morna dunha táboa na que case non hai distancias. O mellor situado é a Sarriana, que ten a promoción a menos de dez puntos aínda que con moitos equipos por diante a escasas distancias. En peor situación están o Viveiro e o Polvorín. Os dous teñen un pé xa na categoría inferior. De feito, o filial do Lugo, que tamén cambiou de adestrador, non logra saír dunha dolorosa quenda de derrotas.

Na categoría inferior, o CD Castro e o Ribadeo FC sobreviven no medio da táboa nunha categoría na que as distancias son tamén poucas agás co líder, o Noia, que saca xa unha



cómoda vantaxe. Os mariñaos e os chairegos, que tiveron un percorrido moi diferente, teñen poucas opcións de poñerse nalgún dos dous únicos postos de promoción, pero si de manterse para o ano que vén.

Estao pasando peor o Club Lemos, que sobrevive preto da zona de descenso facendo valer os empates, xa que é o equipo que máis ten dentro da categoría. Xusto por debaixo está o CD As Pontes, club coruñés moi

vinculado á Terra Chá, que xa o ano pasado logrou manterse en Preferente por pouco e que este non logra mellorar posición. Tempada para esquecer é a do Residencia, que non logra saír do pozo do descenso, lonxe polo tanto da sétima posición na que rematou a pasada campaña.

**FÚTBOL PROVINCIAL.** Nas categorías inferiores, o Pol vai camiño do

ascenso a Preferente, logo de varios intentos nas tempadas anteriores. Aínda non fixo máis que gañar e mantén unha ampla vantaxe cos seus perseguidores, que en primeira liña están Escairón e Chantada Atlético. As malas noticias son para o Portomarín, Milagrosa e Guitiriz, situados na zona vermella.

Na Segunda Galicia, o Pastoricense lidera o grupo Norte, seguido de preto por Vilalbés B, Iberia, San Ciprián e Folguevoiro, que ocupan polo momento os postos de promoción. Non volverán á competición ata a segunda fin de semana de xaneiro debido á disputa da Copa Deputación na súa fase previa.

Na parte baixa están Muimenta e Roupar.

No sur, o Oural é o que ten máis vantaxe para chegar ao ascenso directo logo dunha gran primeira parte de Liga. Ao asexo están Friol, Becerreá, Brollón e Antas. O descenso está agora definido para SD Chantada B e Spórting Lucense.

Na Terceira Galicia norte, o Barreiros está destacado na carreira polo ascenso, co Casás, debutante este ano, ocupando o segundo banzo da táboa. As opcións de play off son para Goiriz, Rioaveso, Castroverde e Piringalla.

No sur, os ascensos directos están no Páramo e en Rubián mentres que os postos de play off ocúpanos Sober, Río Sil, Santa Comba e O Corgo.

## LIGAS FEMININAS

Esta fin de semana de Reis retomouse a competición feminina, na que PM Friol e Lugo compiten na Terceira Federación, como principais representantes da provincia. As primeiras ocupan unha cómoda sexta praza mentres o Lugo intenta sobrevivir. Custoulle moito ao equipo albivermello recuperar-se dunha estrea desastrosa na categoría. Pola súa banda as friolesas están a demostrar un gran estado de forma malia a polémica coa súa adestradora, que segue a sacar resultados positivos deste pioneiro equipo, que estivo de aniversario.

Non foi unha boa tempada pola contra para os equipos da provincia nas competicións galegas. O PM Friol B intenta saír do fondo da táboa de Primeira, onde caeu logo dunha mala xeira que foi superada puntuando nos últimos catro partidos antes do descanso. En Segunda, sorte desigual. O San Roque está en postos de ascenso e o Antas nunha zona cómoda da táboa mentres Milagrosa e Chantada pechan as súas respectivas listaxes cun pé na Terceira.

A última competición conta cun Lugo B liderando cun pé xa no ascenso mentres Monte Forte e San Lázaro están situados ás portas da promoción. Na zona media loita o Carballado e na parte baixa a Comercial.

## Comeza a Copa Deputación

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina unha ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participan 88 equipos de 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición deu comezo este 7 de xaneiro coa Fase Previa para os 56 equipos de Segunda e Terceira Galicia. Os deza-seisavos de final serán o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos de final o 1 de maio, semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

**OUTRAS CATEGORÍAS.** Por outra banda, os 22 equipos da Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina teñen a fase previa o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos o 1 de maio, as semifinais o 26 de maio e a final o 2 de xuño. Os 10 equipos da Liga Galega 1 División Feminina

e Liga Galega 2 División Feminina teñen fase previa o 11 de febreiro, os cuartos de final son o 28 de marzo, as semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

Esta competición ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición

de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs, xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo premia os equipos por cada eliminatoria xogada (entre 385 e 600 euros) e concede unha contía adicional para os equipos campións e subcampións (entre 3.000 e 5.000 euros).

O vicepresidente da Deputación valorou tamén "a contribución destes torneos á dinamización das localidades que acollen os encontros, xa que o fútbol é un deporte que conta con moitas persoas afectadas".

### FASE PREVIA

FRIOL B	2-4	IBERIA
CABREIROS	3-2	MONDOÑEDO
CELEIRO	2-2	ROUPAR
GOIRIZ	0-2	CASTROVERDE
SAN CIPRIÁN	1-1	COMERCIAL
CATRO ROLDAS	2-0	RIOAVESO
FOLGUEIRO	1-2	VILALBÉS B
BARREIROS	1-1	COSPEITO
PIRINGALLA	4-0	ALFOZ
COMERCIAL B	0-5	CANDELARIA
MATELA	2-3	XERMADE
ABADÍN	1-2	PASTORICENSE
RÍO SIL	2-2	CARABALLEDO
RELÁMPAGO	0-4	BECERREÁ
BROLLÓN	3-2	CHANTADA B
TABOADA B	1-4	ANTAS
PALAS	0-0	QUIROGA
FRIOL	1-1	SAN LÁZARO
MONTERROSO B	2-4	OURAL
O PÁRAMO	3-2	O INCIO
CORGO	2-2	FERREIRA
RUBIÁN	0-0	SANTA COMBA
CHANTADA ATL B	4-2	SP LUCENSE
SOBER	0-3	PARADELA

## FÚTBOL BASE

Para os xuvenís de competición nacional, a situación é complicada. Tanto o Lugo de División de Honra como o de Liga Nacional están na zona vermella e necesitan remontar para salvar a categoría. Esta mesma situación atravesará o Lugo infantil de División de Honra, mentres que o cadete está na zona alta logo dunha gran primeira fase.

Na xuvenil galega o Vilalbés mantense en zona de promoción, mentres que o Viveiro afianzase discretamente no medio. O Residencia está provisionalmente fóra de perigo pero na zona conflictiva e a debutante Sarriana non logra saír do pozo. Nos cadetes, o Lugo B e o Residencia quedan na zona media. Dispar tamén a situación na infantil, na que o Viveiro toca a zona de promoción mentres o Vilalbés e o Polvorín intentan saír do descenso. Nos femininos, o PM Friol cadete está na zona baixa, superado polo Milagrosa. Pola contra, as milagrosistas do infantil están enganchadas á parte alta.

Nas provinciais, os da zona norte teñen ao Milagrosa xuvenil moi destacado na loita polo ascenso á Galega. Na cadete, Lourenzán, EF Polvorín e San Roque están á cabeza dos seus grupos para entrar na loita pola categoría superior, e na infantil os privilexiados son Lugo B, Residencia e Milagrosa.



# COLABORACIÓNS

## Pais helicópteros

### O PUPITRE



Julio Díaz

Estes pais tratan de asumir unha responsabilidade de excesiva nas experiencias, nos éxitos e nos fracasos dos seus fillos. Son pais “comprometidos” coa crianza dos seus fillos e moi a miúdo excéndense no que eles entenden como un cariño inmenso e desinteresado. Ocorre moitas veces que este cariño ten efectos negativos no desenvolvemento adecuado da personalidade dos seus fillos. Estes pais coñecidos como “pais helicóptero” preocupáanse en exceso pola súa seguridade e polo seu benestar creando unha “burbulla” protectora sobre eles. Malia que a intención é boa, esta forma de educar adoita

levar a unha grande dependencia e inseguridades nos seus fillos. Os pais helicópteros acostuman ser figuras sobreprotectoras que “sobrevooan” constantemente sobre os seus fillos/as para ter un control absoluto sobre as súas vidas. A sobreprotección enténdese como o exceso do coidado por parte dos pais sobre os seus fillos/as, é unha implicación emocional intensa e constante que leva a unha necesidade imperiosa de control do seu fillo o filla. Ponse como pretexto as boas intencións de velar pola súa seguridade. Mais, non se pode ter os rapaces illados nunha burbulla, de maneira que pase a ser o centro de todas as atencións, ocultándolle todos os perigos, isto só fai que non se deixe evolucionar, entorpecendo o seu desenvolvemento. En moitas ocasións, os pais fomentan condutas inacep-

tables e non deixan que realicen determinadas tarefas porque prefiren facelas eles, intentando evitar riscos innecesarios. Pensan que o mellor e facerlles a vida máis fácil e por iso procuran anticiparse a calquera necesidade ou perigo que os rapaces poidan ter. O que leva esta sobreprotección é que a maioría das veces xéralles dificultades para cumprir as normas e límites impostos, potencia a desadaptación familiar, prexudica a súa adaptación social e o seu desenvolvemento psicolóxico; estas condutas sobreprotectoras evitan que o neno experimente situacións incómodas, sendo os seus pais os que resolven os problemas sen darlle oportunidade aos/as nenos/as de defensa por si mesmos, impedindo que exploren e experimenten, evitando así unha magnífica oportunidade de aprender,

permitindo que fagan o que queiran a pesar da existencia de normas e regras. Levar á práctica este supercontrol non deixa que os rapaces evolucionen emocionalmente, afectándolles na súa madurez e impedíndolles converterse en persoas críticas, independentes e autónomas, producindo neles sentimentos de inseguridade. É imprescindible recordar que educar fillos independentes e seguros non significa abandonalos ou deixalos desprotexidos. O que se trata é de atopar un equilibrio entre axudalo e permitirlle desenvolver habilidades para afrontar os desafíos da vida por si mesmos. Os pais debemos estar presentes como guías e proporcionar as ferramentas necesarias para que os nosos fillos adquiran seguridade, confianza e autonomía. ESA É A NOSA FUNCIÓN.



## Xustas reivindicacións

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nas últimas semanas estamos a ver accións de protesta protagonizadas polas traballadoras da limpeza. Si, en feminino, xa que a práctica totalidade deste sector está composto por mulleres, ao igual que moitos outros, como por exemplo a axuda no fogar que se presta desde os concellos ás persoas dependentes, e do que temos falado nesta mesma columna. Aínda coa prudencia que cómpre manter cando se aborda calquera tema, si estamos en condicións de mostrar certa perplexidade ao escoitarmos que os honorarios destas asalariadas atópanse por debaixo do salario mínimo interprofesional. Un entendía que calquera traballador por conta allea nunca podería cobrar menos do estipulado polo goberno. Pois semella que existe

algunha excepción. En segundo termo, o que resulta un clásico, o colectivo é dos peores pagados en comparación con outras comunidades autónomas. Que raro, verdade?... E para continuar coa serie de despropósitos, a oferta que lles presenta a patronal de ámbito estatal, Aspel, segundo as forzas sindicais, ridícula e miserenta, xa que esa subida para os vindeiros anos non compensa a perda de poder adquisitivo do colectivo. Lembremos que o incremento do índice de prezos ao consumo (I.P.C.) foi de case un seis por cento en dous mil vinte e dous e entorno ao catro no dous mil vinte e tres. En consecuencia, a folga que comezou a mediados de outubro segue sen ser desconvocada. Asistimos a manifestacións, peches en edificios públicos e outras medidas de presión que non están tendo o efecto desexado, co prexuízo que iso supón, sobre todo, para as implicadas nesta loita, ademais da lóxica repercusión na cidadanía. Estas xustas reivindicacións ser-

ven, por se cabía algunha dúbida, para que o conxunto da sociedade se dea conta do que significa o traballo que desenvolven certas ocupacións. Este é un claro exemplo; os centros de saúde, ambulatorios e hospitais, residencias de maiores, colexios, oficinas das distintas administracións, comunidades de veciños e ata moitos outros locais onde se leve a cabo calquera actividade que precisen dunhas condicións de hixiene para que as funcións que nelas se realicen podan desenvolverse con normalidade son limpados por estas mulleres que protestan. E lamentablemente, en xeral, non somos quen de por en valor ese labor profesional e todo o esforzo que se atopa detrás. Minimizamos ou incluso menosprezamos algo que cando non o temos, entón si que botamos as mans á cabeza. E neste caso, en numerosas ocasións alúdese á feminización deste grupo e á súa baixa cualificación para non empatizar coas súas precarias condicións laborais. Parece como se o feito de ser muller e

### O RECUNCHO DE CANELINA

chamáchesme pouca roupa  
se tes moita teu proveito  
teño menos que despir  
á noite cando me deito



canelina galega



que o traballo non requira de titulación académica, sexa motivo para perpetuar unha situación que noutras moitas circunstancias non se toleraría. Polo tanto, sen desconsiderar outras reivindicacións, estamos diante dun considerable número de mulleres –si, de mulleres– que

exercen os seus dereitos como empregadas, buscando deixar atrás unha estigmatización negativa e demandando unhas melloiras nos seus salarios que son xustas e que deben ser atendidas por quen corresponda. Tense unha débeda pendente con elas e cómpre saldala dunha vez por todas.



# Unax e Lua, futuros gaiteiro e gaiteira “made in” Euskadi

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**Q**ue Galiza ten unha cultura de seu xa o sabemos todas e todos os que nacemos nela, aínda que haxa moitas persoas que, influenciadas polo colonialismo que sofre Galiza, renegan dela, do seu idioma e incluso dos instrumentos musicais que nos deixaron os nosos antepasados. Pense que o noso non vale nada e o importante é o que ven de fora.

Tamén sabemos que hai moitos tipos de gaitas en todo o mundo, e non digo que a nosa sexa mellor que as dos outros países, pero si que é única no mundo e por iso debemos conservala e sentirnos orgullosos dela e dos que a interpretan.

Renegan dela porque non lle dan o valor que merece, sen embargo hai moita xente doutros países ou descendentes dos nosos emigrantes de terceira ou cuarta xeración que si llo saben dar: É o caso da nena de Berango (Bizkaia), Lua Rodríguez Lera, neta de galegos, filla do tamén gaiteiro, Manuel Rodrí-

guez, “Manu, O Hedras”, chamado así por facer música coas robustas follas desa planta gateadora como instrumento, xa nacido en Euskadi, pero galego de nación; outro caso é o do neno bilbaíno, Unax Plágaro Santamaría, fillo dun vasco e dunha burgalesa, sen ningún antecesor galego nin relación anterior con Galiza e a súa cultura, ao que con dous anos e medio lle chamou a atención o noso instrumento musical. El xa tocaba a frauta na escola e só tiña dous anos e medio cando viu no parque do Arenal de Bilbao unha rapaza que tocaba a gaita; a el chamoulle a atención porque non entendía como podía seguir soando o instrumento cando a gaiteira non sopraba e, cando lle explicaron que era porque tiña un fol que gardaba o aire, fixo unha gaita con unha cana de punteiro e substituíndo o fol por un simple globo. Tamén gusta moito do son da ocarina e quere construír unha con barro, algo insólito nun neno de nove anos. Unax, ao que desde pequeno lle gustaron os instrumentos musicais e sempre estivo rodeado deles, vai tamén ao conservatorio onde aprende solfexo e clarinete. Pouco tempo despois volveu ollar outra rapaza que tocaba a gaita nunha rúa de Valladolid e foi can-

do lle dixo a seus pais que el quería tocar a gaita e que lle mercaran unha. Seus pais pensaban que o ronco era máis grande que el; pois era tan pequeno que non podía coa gaita, pero foron de vacacións a Galicia e non tiveron máis remedio que mercarlle unha a Pablo Carpintero, cando aínda non tiña tres anos.

Logo, seus pais non sabían quen lle podería ensinar tocala e puxéronse en contacto con Pablo Carpintero, este deulles o número de teléfono de Manu, O Hedras, que fai dous anos en febreiro tamén empezou as clases de gaita, xunto con Unax e a súa filla na “Casa da Troula” de Rekalde, baixo as ordes do amigo Roberto Álvarez, fundador desa Casa na que, como di el, toman a troula moi en serio.

Ademais desas clases de gaita, Lua vai á escola de música de Santa Ana de Berango, onde aprende solfexo e piano, pero durante a pandemia aprendeu tocar outros instrumentos, como a pandeirata e o bombo. O mesmo que Unax, tamén lle gusta moito a música e o seu profesor está moi contento do que aprenden, do interese que poñen ambos e do seu afán de superación. Asegura que son dous fenómenos, xa que neses dous anos,



o rapaz e a rapaza xa saben tocar mais de vinte pezas cada un. O ben que se coordinan entre eles, sen mirarse aos ollos, podemos ollalo na foto que acompaña este artigo, na que os seus dedos tapan e libran ao mesmo tempo os mesmos furados de cada súa gaita.

Tanto Lua como Unax, xa levan dous anos indo ao Festival de Pardiñas con seus pais e este ano tiveron a sorte de ver estes dous artistas nados en Euskadi tocando a gaita e a pandeirata na zona dos instrumentos musicais, deixando abraídos aos que tivemos a ocasión de escoitalos. Fai dous anos entregueille a Roberto a partitura da “Muiñeira de Pedro Trapeiro”, de Xosé Lois Foxo, e agora estálle-

la ensinado para poder tocala este ano polas campas de Pardiñas.

Ao preguntarlles si lles gustaría actuar algún día no palco central dese Festival din que si, aínda que con tanta xente diante seica lles daría un pouco de reparo, pero para eles sería un soño. De seguir progresando como até o de agora, estou seguro que algún día verémolos nese palco, facéndonos desfrutar a todos os asistentes da súa arte galega aprendida en Euskadi e, a min, que tamén me gusta o noso instrumento nacional por excelencia, gustárame moito velos naquel gran escenario polo que pasaron os mellores grupos musicais de moitas partes do mundo. Verémolos!

## TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



### TELÉFONOS DE INTERESE

**Emerxencias: 112** | **Incendios Forestais: 085**  
**Urxencias Sanitarias: 061** | **Garda Civil: 062**



# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



## DE RUTA EN RUTA

# Outeiro de Rei: Ruta arqueolóxica do Acevedo

Un percorrido circular polas parroquias Martul, Aspai e Parada que nos permite coñecer algúns restos arqueolóxicos

O municipio de Outeiro de Rei conta cunha grande cantidade de mámoas e dolmens pertencentes á denominada cultura megalítica. Normalmente o seu emprazamento vincúlase coas principais vías de tránsito ou de desprazamento natural que percorren a zona. As medorras, un dos nomes cos que se designa na Terra Chá aos túmulos prehistóricos, constitúen xunto aos castros o xacemento arqueolóxico máis representativo da xeografía galega, moi abundantes neste territorio. A través desta ruta poderemos descubrir os conxuntos tumularios máis representativos do concello de Outeiro de Rei.

A igrexa parroquial de Martul será o punto de inicio desta ruta, unha igrexa románica que a excepción da ábsida sufriu unha reforma total levantando unha nova nave e dúas capelas laterais que lle dan forma de cruz latina. Unha vez atravesada a aldea tomaremos un desvío á man dereita para atopar o primeiro resto arqueolóxico. Pena Dereita é o primeiro túmulo funerario do que poderemos



desfrutar nesta ruta e presenta cámara de tipo poligonal con probable apertura en corredor cara o leste e a pedra de cabeceira é de grandes dimensións cun metro oitenta de altura. Continuaremos o camiño ata chegar aos túmulos de Roza das Presas e as medorras de Acevedo seis e sete que non teñen camiño de acceso pero son fáciles de visitar mentres que para ver a número oito si que hai que desviarse do camiño principal.

A continuación, chegaremos a aldea de Province, en Aspai, onde atoparemos construcións de casas tradicionais e unha pequena fonte. Comezaremos unha subida para chegar ao seguinte punto, o dolmen Pico de Mallas que está situado a 544 metros de altitude e ten uns catorce metros de diámetro e dous metros de altura. Ademais, desde este punto poderemos desfrutar dunhas fermosas vistas de toda a contorna.

Comezaremos un pequeno descenso ata atopar os túmulos de Province e trescentos metros

despois poderemos observar o gravado de Galva. O soporte deste gravado é un amplo afloramento granítico moi plano e ten o motivo situado no extremo oeste, que consiste nunha figura composta por un círculo do cal parte un radio cortado transversalmente por unha liña curva.

Desde este punto seguiremos baixando e á nosa esquerda atoparemos o desvío para ver o túmulo de Jolfa un e os petroglifos de Pena Serranda nun gran afloramento rochoso. Volveremos ao camiño e preto a unha sinal atoparemos un pequeno desvío entre árbores que nos leva ao gran túmulo de Pena Serrada e baixando un pouco máis están os túmulos de Pascuais.

Seguindo os carteis atoparemos xa os últimos elementos de interese desta ruta, as Medorras de Acevedo un, dous, tres e catro. A primeira das de Acevedo é un túmulo de forma semiesférica que conserva aínda o resto da coraza e ten tres laxas graníticas que so-



bresaen, unha delas cun gravado. A Medorra de Acevedo número dous interrelaciónase coas outras dúas e ten forma semiesférica e a tres presenta unha cámara visible en case a súa totalidade de forma poligonal.

Para finalizar, continuando o per-

corrido, poderemos visitar os túmulos de Carrís e dende este último punto, iniciaremos o descenso ao río chegando á Ponte Colgante de Parada, espazo moi agradable a carón do río Miño; desde aquí ascenderemos pola estrada cara ao punto de partida en Martul.

## DATOS



2 horas



10 quilómetros



Dificultade media



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05